



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIO DO CONCELLO PLENO DO DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2015.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUEL VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA (D. O.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO(GRUPO MIXTO)

Secretaria Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D^a. Eva García Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 11:00 horas do día 23 de novembro de 2015 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

1- SORTEO DE MESAS ELECTORAIS

O sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro punto da orde do día é o sorteo das mesas electorais, procedemos ao efecto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bos días de novo a todos e a todas, estase aínda realizando o sorteo das mesas electorais, pero hai un pequeno problema coa impresora dado que vai un pouquiño lenta, para ir gañando tempo dado que o sorteo se realiza automática informatizada podemos proseguir coa orde do día do Pleno.

2.- APROBACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL 2016.

O sr. Alcalde toma a palabra: O segundo orde do punto do día é aprobación da plantilla de persoal para o ano 2016. Pois ben, en relación ao persoal o obxectivo de todo o Goberno Municipal e o de poñer a Administración ao servizo da veciñanza, optimizando os recursos dos que dispomos e racionalizando os mesmos. Temos que potenciar os servizos que estiveron máis desatendidos ata o de agora provocando disfuncións, que perspicaban a atención á veciñanza, como pode ser potenciar a oficina municipal, escaseza de persoal de obras, e escaseza tamén en servizos sociais, e creando novos servizos que consideramos imprescindibles para potenciar o noso idioma e tamén a igualdade de xénero. Hai que sinalar que conforme o proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, as retribucións do persoal no sector público subirán o 1%, a isto hai que engadir a recuperación de parte da paga extra do ano 2012, e estas dúas situacións están contempladas no orzamento municipal para o próximo exercicio. Hai que sinalar tamén, isto vai en relación co seguinte punto da orde do día, pero xa se pode anticipar, que hai poucos días chegouse a un acordo cos representante dos traballadores que afecta a varios aspectos, entre os que cumpre destacar o recoñecemento de trienios ao persoal laboral a partires do ano 2016 e con efecto retroactivo do 01 de xaneiro de 2015, sendo a contía acordada de 25 euros para todas as categorías laborais, é un recoñecemento lineal. Dando cumprimento á legalidade establecida tamén na Lei 27/2013 créase o posto de Tesoureiro ou Tesoureira, e tamén está entre os obxectivos do goberno a creación dun posto de Axente da Policía Local sempre e cando a lexislación vixente e as circunstancias e condicións económicas do Concello o permitan. Quero destacar tamén que existe crédito para contratar persoal laboral temporal que cubrirá as necesidades urxentes que afectan a categorías profesionais,



consideradas prioritarias ou que afectan a servizos públicos esenciais, están nesta situación a Escola de Música, o Servizo de Axuda no Fogar e peóns de obras para diversas actividades, así como un administrativo para o CET, un técnico ou técnica para normalización lingüística, e un administrativo ou administrativa para igualdade. Ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto, señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Si, bos días a todos e a todas, na orde do día pon que os asuntos propios adicionais, ou sexa aprobar a aprobación dos asuntos propios adicionais de vacacións por antigüidade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non era o segundo punto Ramón

O sr. Padrón toma a palabra: Vale perdón.

O sr. Alcalde toma a palabra: Aprobación da plantilla de persoal 2016

O sr. Padrón toma a palabra: Estamos de acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sr. Varelas toma a palabra (Democracia Ourensana): Estamos de acordo tamén, bos días a todos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Bos días a todos e a todas, vamos a ver nun principio estamos de acordo coa contratación porque entendemos que si é necesaria de 6 peóns de obras, despois intervirá no tema dos orzamentos a ver que partida se deixa destinada para que poidan facer a súa labor estas persoas, ou van a estar simplemente mirando e o que si sería necesario é que para a contratación deste persoal se utilicen os plans de cooperación anuais da Xunta de Galicia, tamén por un tema de aforro. Vamos a ver estamos de acordo coa contratación dun Policía Local o que si non entendemos é a creación dun posto de técnico de normalización lingüística, entendo que si é para que toda a documentación que salga do Concello, Resolucións, e demais sexa axustada á normativa establecida, para iso existe unha escola galega de administración pública que ben pode formar ós funcionarios que traballan no Concello, ó mellor sería cuestión de animalos a que soliciten este tipo de cursos de formación, incentivando ó mellor unha promoción interna, ou con algún tipo de complemento. Nada máis, moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. En relación ó servizo de normalización lingüística do que vostede fala, dicir que non se trata simplemente de crear un servizo para que se traduzan os documentos e sexan publicados de xeito conforme á Lei, non, trátase de dinamizar o idioma galego, o idioma do noso País, facendo uso dese servizo para estendelo, estender o galego, potenciar o galego, entre os diversos colectivos sociais, empresarias e culturais do noso Concello. Moita grazas.

Algunha quenda de palabra máis, señor Ramón?. Pois entón sometemos este punto da orde do día a



votación, votos a favor, abstencións, votos en contra. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resulta aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG, DO e Grupo Mixto e os votos en contra do PP o seguinte acordo: **“Aprobación da Plantilla de persoal 2016”**

3- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN SINDICAL SOBRE APLICACION DO RD LEI 10/2015, REFERIDO AOS DÍAS DE ASUNTOS PROPIOS E ADICIONAIS DE VACACIÓNS POR ANTIGÜIDADE, FIXACIÓN DO IMPORTE DE “TRIENIO ÚNICO” COA CANTIDADE DE 25€ E FIXACIÓN DA DATA DE RECOÑECEMENTO DO TRIENIO CO CARÁCTER RETROACTIVO.

O sr. Alcalde toma a palabra: O terceiro punto da orde do día é Dación de conta do acordo da mesa xeral de negociación sindical sobre a aplicación do RD Lei 10/2015, referido aos días de asuntos propios e adicionais de vacacións por antigüidade, fixación do importe de “trienio único” coa cantidade de 25€ e fixación da data de recoñecemento do trienio co carácter retroactivo. Pois ben, xa fixen mención no punto anterior un pouco a este asunto, o que se trata aquí é precisamente de recoñecer ós traballadores laborais o importe do trienio, neste caso negociouse cos sindicatos que fora un importe único non en función das categorías laborais senón lineal para todos eles en 25€ pareceulles unha contía axeitada. Este recoñecemento faise con efecto retroactivo do 1 de xaneiro de 2015 e ademais tamén se falou do tema das vacacións por antigüidade que fai referencia ós días adicionais que os traballadores teñen dereito en función precisamente da súa antigüidade. Ampliouse aquí o prazo establecido legalmente creo lembrar que era ata o 30 de xaneiro, e ampliouse ata finais do mes de abril, en beneficio un pouco tamén dos traballadores e por suposto do Concello tamén, porque se todos estes días que lles corresponde coller de vacacións se acumulasen no primeiro mes do ano, igual había un pequeno problema de intendencia por dicilo dalgún xeito no Concello, con isto o prazo para coller eses días adicionais de vacacións ampliase ata finais do mes de abril co cal iría dun xeito escalonado tamén para os traballadores, ese é o acordo que se chegou coa representación sindicais e na mesa xeral sindical do Concello. Simplemente, aquí non hai votación é dar conta nada máis. Moitas grazas.

4- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO 2016

O sr. Alcalde toma a palabra: O cuarto punto da orde do día é o que fai referencia á aprobación inicial do orzamento 2016.

O sr. Padrón toma a palabra: Perdón, aquí nos papeis que nos entregaron pon: “ O señor Alcalde



manifesta que foi estudada a proposta formulada polo CSIF sobre a contía do trienio único pero as posibilidades económicas do Concello non a fan posible.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eles pretendían que fora unha contía de 27€, 26,80 ou 27, eles ían a un máximo, eles propoñían un máximo para todas as categorías, houbolle que facer ver, fíxoselles ver, que un importe lineal de 25€ para todos os colectivos independentemente das categorías laborais beneficiaba a moitos máis traballadores e que o outro francamente non era moi asumible o de concederlle a todos ese importe de practicamente 27 €. A maior parte dos traballadores coa contía de 25 € saen moi beneficiados, pensemos que actualmente hai traballadores nesa circunstancia que en base a anteriores acordos perciben 13 € creo lembrar, en concepto de trienio.

Pois ben, aprobación inicial do orzamento para o 2016. O orzamento para Barbadás para o 2016 ascende á cantidade de 6.206.204 €, semella unha contía importante pero se a comparamos con concellos que non teñen máis poboación que Barbadás case duplican esta contía, incluso concellos máis pequenos teñen orzamentos semellante ó noso, e falo de Carballiño, O Barco, Verín e Allariz, por pór exemplos, por arriba e por abaixo en canto a poboación, polo tanto temos que facer un importante esforzo para optimizar ó máximo os recursos dos que dispomos. Os orzamentos dos últimos anos do Concello de Barbadás representan un traslado fiel de prácticas económicas europeas estatais e autonómicas, as consecuencias resultaron evidentes repercutindo directamente sobre o tecido produtivo social e cultural de Barbadás. O novo equipo de goberno ten a obriga de actuar diante destas realidades para ese fin resulta fundamental o orzamento do próximo exercicio. Este orzamento ten que reflectir as novas prioridades que fagan posible un cambio de modelo e empezar a abordar as solucións dos problemas detectados. A elaboración do orzamento para o exercicio 2016 realizouse utilizando unha serie de criterios básicos que son os que guían a acción do goberno municipal, que son como dixeran antes en canto á plantilla de persoal, son: a optimización dos recursos humanos que deben estar ó servizo da veciñanza, a potenciación dos servizos básicos, a transparencia, equidade territorial no reparto dos orzamentos, a mellora dos servizos sociais, a eliminación de gastos superfluos, e o fomento da actividade económica. Existe unha importante preocupación por parte do Goberno Local por mellorar os servizos que presta a Policía Local de Barbadás, o obxectivo desta administración é poder crear unha nova praza de policía e deste xeito mellorar o ratio de efectivos por 1.000 habitantes sabendo que aínda nos queda un importante traballo por facer, e tendo presente que neste caso se podería contratar sempre e cando cumpríramos coas obrigas legais que nos establece a lexislación ao efecto e os criterios de estabilidade económica. Durante este verán houbo un bo número de incendios forestais que afectaron a varias parroquias do Concello pero



fundamentalmente ás localidades de Piñor e Parada, esta situación puxo de manifesto a necesidade de ter un servizo de Protección Civil cun camión motobomba de alta capacidade para favorecer unha rápida intervención, e neste caso o que intentaremos, como sempre foi así, ou sempre pretendemos facer a existencia dunha subvención, ou buscar algunha subvención dalgunha administración, aínda así está contemplada nos orzamentos. Despois de anos de redución das partidas dirixidas a protección e promoción social o esforzo que temos para o orzamento para o próximo exercicio orienta claramente as prioridades do Concello para definir as políticas que atenderán ós dereitos básicos e as necesidades máis apremiantes da nosa veciñanza en situación de vulnerabilidade, todas as áreas que afectan a aspectos sociais experimentan un incremento importante, hai que destacar o importante incremento superior ó 100% na partida de emerxencia social, isto vai estreitamente vencellado a unha gran redución do gasto nos apartados de protocolo e de publicidade. Sinalar que a partida de Publicidade baixa de 20.000 a 13.000 € e os gastos de protocolo e representatividade pasan de 10.000 a 3.000 €. Tan só se manteñen os importes básicos imprescindibles para a xestión cotiá. A preocupación do goberno por facer un Concello mais habitable, un Concello preocupado polas pequenas cousas que afectan ó día a día das veciñas e veciñosponse de manifesto no obxectivo de contratar temporalmente 6 peóns de obras para o ano 2016. O equilibrio territorial tamén estará ben presente xa que se contemplan actuacións nas Lamas, Santa Uxía e, sobre todo, en Loiro para seguir na solución do problema de abastecemento de auga. Tamén hai un importante incremento no ámbito do alumeado público co obxectivo de mellorar a subministración en lugares con déficit e traballar na modernización e actualización deste servizo. Ó mesmo tempo está previsto actuar sobre a rede de abastecemento e saneamento de auga en lugares onde non existe na actualidade. As partidas dedicadas tanto a saneamento como a abastecemento experimentan un incremento do 100%. E no que afecta a parques e xardíns hai un aumento do 33,34% no investimento co obxectivo de atender necesidades en todas as localidades do concello, tamén haberá tamén un investimento considerable en mobiliario urbano (papeleiras e bancos), así como en colectores tanto xenéricos como de recollida selectiva (plásticos e envases, cartón ou vidro). Para un goberno progresista a igualdade entre homes e mulleres é un principio constitucional que debe ser un eixe vertebrador da acción política. O 51,5% da poboación no municipio de Barbadás son mulleres. A diferenza fundamental entre homes e mulleres radica na pervivencia dos roles de xénero. Este feito supón menores oportunidades no emprego, menor participación social e menos autonomía. Pódese afirmar que a desigualdade é o caldo de cultivo da violencia de xénero. Por estas razóns existe un importante compromiso orzamentario na posta en marcha de políticas que favorezan a igualdade.



Este compromiso ponse de manifesto en que por primeira vez vai a existir unha partida orzamentaria específica para igualdade. E tamén destínase por primeira vez unha partida dedicada exclusivamente ás mozas e ós mozos a partir de 12 anos de idade e deste xeito pór en valor propostas e solucións para as súas inquiredanzas e necesidades, sempre dentro do noso concello. En Cultura vai traballar con un importante incremento orzamentario de 30.000 € que servirán para activar as propostas e demandas culturais que existen en Barbadás. Trátase de fomentar a participación e a creación, pero sempre destacando unha aposta firme pola cultura propia do noso país. En Deportes exemplifica o esforzo que fai este goberno por xestionar de xeito eficaz e axustando os recursos dos que dispón. Ó longo do ano 2015 suprimíuse unha esternalización que custaba ás veciñas e veciños preto de 18.000 € anuais, sendo asumidos os traballos de coordinación polo Concelleiro de Deportes sen que mermase a calidade do servizo. Esta circunstancia permitirá que no ano 2016 poidan efectuarse unha serie de actuacións nas instalacións deportivas, entre as que hai que destacar a ampliación do ximnasio do Polideportivo Municipal e melloras nas piscinas públicas que son imprescindibles. No que atinxe á área de Participación Cidadá hai unha novidade de gran importancia que non é outra que a de asignar as achegas por medio dun procedemento de concorrencia competitiva. Este novo sistema permitirá eliminar as asignacións dixitais que non favorecían a transparencia e a equidade. En promoción da actividade económica vai a experimentar novidades moi importantes como son a creación de novos programas que apostan polo comercio e as pequenas e medianas empresas, así como pola promoción turística. Estas partidas de nova creación están dotadas con 67.000 € o que supón un gran cambio na aposta polo tecido económico e laboral de Barbadás. E, por suposto, é unha clara aposta polo emprego. E rematando estamos diante dun orzamento que reflicte a aposta pola responsabilidade social no máis amplo sentido, pensando en todos os sectores sociais e culturais, familias e xuventude, comerciantes e pequeno empresariado. Pensando tamén no deporte, na cultura e na igualdade. Na igualdade de xénero e tamén na igualdade de trato entre os distintos lugares do noso Concello. Un orzamento que quere ser un revulsivo para Barbadás.

Ten a palabra o señor Tenente Alcalde se quere facer algunha ampliación ou detallar os componentes do orzamento.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Ben, grazas señor Alcalde. Bos días señores e señoras Concelleiros, público asistente. A miña intervención vai máis como Concelleiro de Facenda que como Tenente Alcalde, e como anunciaba xa o señor Alcalde na súa memoria os criterios a seguir na realización do orzamento responden á necesidade de prestar mellores servizos ós cidadáns do Concello



que palien en determinada medida os efectos ocasionados pola resposta ultraliberal europea á crise económica. Estes servizos básicos vanse ver reflectidos nestas contas anuais que presentamos a aprobación desta Corporación Municipal tendo en conta que son uns orzamentos que están sometidos a unha lexislación estatal moi restritiva, están sometidos e son tamén froito da Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril do ano 2012 de estabilidade orzamentaria, que impedía ás Corporacións Locais facer uso dos seus recursos financeiros e estar polo tanto moi mediatizados no desenvolvemento das súas contas anuais, e tamén son uns orzamentos herdeiros de 28 anos dun goberno do Partido Popular, de gobernos de maiorías absolutas do Partido Popular, que se ven tamén reflectidos na estrutura básica dos mesmos na execución orzamentaria dos exercicios anteriores, e que condicionan en gran medida poder facer cambios a curto prazo como o exercicio que estamos facendo na actualidade. Con todo o novo goberno intenta darlle unha volta ós orzamentos do Concello de Barbadás, cambiando os obxectivos, cambiando as prioridades, cambiando a forma de entender a política municipal, e cambiando os obxectivos do cemento, e centralos sobre todo na necesidade das persoas, e ós feitos me remito, nos gastos de persoal estes orzamentos aumenta en 375.500 €, son gastos derivados sobre todo de que este Concello aposta polos servizos públicos e non pola xestión privada, polo tanto, o novo goberno quere aumentar a plantilla de persoal deste Concello para que moitas das actividades que antes estaban privatizadas, que facían empresas privadas ou que se esternalizaban con asesorías técnicas e con persoas contratadas como asesores técnicos, agora o van a realizar os propios traballadores do Concello de Barbadás, eu creo que este é un paso fundamental do novo goberno, acreditar na xestión pública e polo tanto aumentar o número de traballadores, neste caso traballadores temporais no Concello de Barbadás. Aumenta tamén esta partida como explicou o señor Alcalde, porque se lles recoñece ós traballadores deste Concello o complemento de antigüidade que antes non tiñan, por 25€ ademais que se vai a aplicar con carácter retroactivo, aplícase tamén nestes orzamentos un incremento salarial derivado da Lei de Orzamentos xerais do estado que nos obriga a aumentar os salarios as nóminas dos traballadores en 1%, tamén recoñecemos neste Concello a recuperación da parte proporcional da paga extra do ano 2012 que aínda non fora devolvida polos gobernos do Partido Popular, e aumentamos varios postos de traballo nos que xa falou o señor Alcalde no punto anterior, coma é un policía, seis persoas para obras, un tesoureiro que é unha obriga legal que establece a nova lexislación estatal, todos os concellos temos que contar con un tesoureiro, que eu creo tamén que isto é un paso adiante porque isto nos permitirá crear o servizo de recadación municipal no Concello de Barbadás, o que nos permitirá nun futuro aforrar unha conta de 180.000 € que é o que nos cobra a Deputación Provincial de Ourense por ter delegados os impostos



municipais, a cobranza dos impostos municipais na Deputación Provincial e esperamos retomala nos vindeiros anos en canto nos sexa posible. Aumentamos, non aumentamos, en realidade mantemos o cadro de persoal efectivo que hai no Centro empresarial transfronteirizo, pero pasamos dunha asesoría, dunha esternalización, e nomeamos, e queremos sacar a concurso unha praza de administrativa ou administrativo para o CET, unha praza tamén para técnico de igualdade, como dicía o señor Alcalde tamén unha das liñas estratéxicas deste novo goberno, e unha praza para normalización lingüística. Eu xa estou sorprendido do posicionamento absolutamente belixerante e de acoso do Partido Popular cara a lingua galega, mostras nos teñen dado na Xunta de Galicia, na Consellería de Educación, na Consellería de Cultura, normalización lingüística reiteradas veces, pero que agora o Partido Popular de Barbadás vote en contra do cadro de persoal que lles propomos por unha única cuestión que quixen eu entender que era que vamos a nomear un técnico de normalización lingüística e que vostedes voten en contra do cadro de persoal que recolle máis de 100 postos de traballo no Concello de Barbadás, porque este novo goberno fai unha aposta decisiva pola normalización e dinamización da lingua galega no noso País, que se se chama Galiza, como dicía Castelao por obra e gracia da lingua galega, que vostedes voten en contra reflicte, repito, a súa belixerancia, o seu odio cara a lingua e cara a cultura deste País, iso é o que reflicte o seu posicionamento no punto anterior, e xa non estou sorprendido, o que me sorprende é que vostedes en Barbadás repitan comportamentos que teñen os seus dirixentes en outras administracións como é a Xunta de Galicia, algún día nos explicarán a que se debe ese auto odio pola lingua do noso País. Incrementamos os investimentos no Concello de Barbadás en 87.000 €, o 50% dos orzamentos do ano pasado, como dicía estamos atados a unha estrutura orzamentaria que nos impide incrementar os orzamentos, aínda que para min na práctica, o feito de aumentar os 6 traballadores na partida de obras vai permitir que moitas das obras que antes se realizaban con cargo ó grupo 6 que é investimentos, agora non van nesta partida pero vanse ver reflectidas en melloras nas infraestruturas do Concello de Barbadás realizadas cos propios traballadores do Concello que polo tanto van a seguir sendo inversións polo menos aproveitables para a cidadanía. Na área de gasto, as grandes liñas vense tamén reflectidas sobre todo en dúas áreas de gasto, na área de gasto número 2 que é de protección e promoción social sobre todo en servizos sociais e promoción xeral e fomento de emprego, onde aumenta 117.670€, e tamén na área de gasto número 3, que é as partidas adicadas a sanidade, a educación e a cultura que aumentan 227.000 €, esta é a aposta do novo grupo de goberno, aportar pola sanidade, pola educación, pola cultura, por prestar máis e mellores servizos aos nosos cidadáns. Na área de asistencia social por exemplo, aumentamos 40.000 €, a partida de traballos realizados por outras empresas, que está adicada ao novo departamento que se quere pór en



marcha neste Concello, para o fomento da igualdade de xénero, de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e sobre todo para loitar contra esa lacra social que supón o feminicidio. Aumentamos tamén 14.000 € ás partidas de atencións benéficas e asistenciais o que esperamos nos vai a permitir chegar a fin de ano cubrindo as emerxencias sociais das familias que máis o necesitan e que non volva a acontecer o que aconteceu este ano 2015, onde nos vimos obrigados a facer unha modificación de crédito porque a partida que nos deixara o anterior goberno do Partido Popular era absolutamente insuficiente e nos viamos na obriga de non poder dar axudas a aquelas familias que peor o están pasando. Aumentamos en 36.000 € á partida de fomento do emprego, unha parte importante 22.000 € está adicada ó novo ou nova administrativa do Centro empresarial transfronteirizo, por certo diñeiro que se vai a aforrar cando prescindamos da asistencia técnica esternalizada que hai actualmente no Centro empresarial transfronteirizo, e tamén estas partidas de fomento do emprego están adicadas á apertura da nova oficina de promoción económica de Barbadás que ten previsto pór en marcha uns nichos de emprego no Concello e no Centro empresarial transfronteirizo onde os emprendedores, onde a xente que presente novos proxectos con novos postos de traballo poidan estar instalados nese edificio de maneira gratuíta con todos os servizos que necesitan as empresas para a súa creación, para a súa posta en marcha polo tanto tamén facilitar dende o Centro empresarial transfronteirizo a contratación e a creación de riqueza e de postos de traballo no noso Concello. Tamén nestas partidas de fomento de emprego e de promoción económica están incluídas partidas para a realizar convenios coa Universidade de Vigo por exemplo, ou para potenciar o turismo no noso Concello, situar Barbadás no mapa, no mapa turístico, non no mapa da corrupción, aí xa nos tiña situados o Partido Popular, nós queremos situar a Barbadás no mapa turístico de Ourense, de Galiza e do Estado Español, e para iso hai que promocionar os recursos endóxeos que temos no noso Concello, e tamén aproveitarnos dos Concellos limítrofes, neste caso por exemplo da proximidade das termas de Outaríz intentado desenvolver unha área turística en Santa Uxía para facilitar que o turismo poida tamén que ven a esa zona turística de Ourense pois poida tamén participar no Concello de Barbadás. Aumentamos partidas para a protección da saúde pública por 3.600 €, para ensinanza, para o servizo de preescolar 15.000 €, diminúense sen embargo os traballos realizados por outras empresas porque prescindimos de esternalizacións de servizos, e ese diñeiro aproveitámolo para adicalo a subvencións a familias de escolas infantís por valor de 30.000 € que vai a supor unha especie de cheque bebé para que os nenos e nenas que quedan fóra da gardería municipal de Barbadás, por non contar con suficientes prazas, poidan ter unha axuda que complemente o aumento de gasto que supón levar estes nenos e a estas nenas a garderías privadas do noso Concello. Aumentamos a partida de



servizos complementarios de educación 47.000 €, é unha aposta ó fomento da educación no noso Concello e polo tanto a colaboración coas ANPAS e cos centros públicos que temos en Barbadás ten que seguir sendo unha aposta clara deste goberno. Aumentamos tamén as partidas das contas xerais de cultura, de traballos realizados por outras empresas en canto a un programa INTEREG que vai colaborar este Concello en colaboración co INORDE, coa fundación PAIDEA, co Concello de Celanova, e co Concello portugués de Viana do Castelo, para realizar uns programas europeos que nos van a traer financiamento europeo, pero temos que pór un 25% de financiamento por parte do Concello de Barbadás para poder participar nestes programas de valorización, non sei se lles gustará ó Partido Popular, de valorización da cultura galega, da lingua e da música deste País, chamado Galiza, para iso é o programa INTEREG, no que vamos a participar en unión por certo con Portugal que tamén forma parte do mesmo núcleo lingüístico do que nós formamos parte. Aumentamos a promoción cultural, aumentamos as cantidades adicadas tamén para ocio e tempo de lecer, e para subvencións a asociacións veciñais, mais aquí quero facer un fincapé, retíranse case todas as subvencións nominativas que se aportan ás asociacións veciñais e estas pasarán a ser en concorrencia competitiva o que significa que xa non van a estar baixo o ditado dun político ou dunha política, o de turno, non van ser dadas dixitalmente, non van ser caciqueadas, non van ser subvencións clientelares, senón que van ser subvencións de pleno dereito da cidadanía do Concello de Barbadás, onde a través de proxectos, a través de memorias, e a través de actividades terán a uns dereitos públicos do que eles son donos e dos que eles terán que xestionar e administrar directamente sen inxerencias políticas. Incrementamos diversas partidas en deportes sobre todo derivadas as novas obras que se queren realizar no polideportivo coma a ampliación do ximnasio e outras obras que estaban orzamentadas no orzamento do ano 2015 polo Partido Popular pero que quedaron sen facer, estaban orzamentadas, o diñeiro estaba gastado cando chegamos ó goberno pero as obras estaban sen realizar, e aforramos como dicía o señor Alcalde 18.000 € dunha esternalización que existía no departamento de deportes deste Concello. Hai unha partida que segue sendo moi voluminosa que é a de bonobuses, que desaparece como tal partida de bonobuses dos orzamentos do Concello de Barbadás e pasa a ser definida como traballos realizados por outras empresas, porque vamos a realizar unha ordenanza que regule a venda de bonobuses en Barbadás que entendemos que é como debe estar reflectida nos orzamentos de maneira legal, isto tamén inflúe na partida de ingresos porque o que antes eran transferencias de familias agora teñen outra denominación diferente. A comercio, existe unha nova partida para comercio, que antes non existía, para promocionar en pór en valor o pequeno comercio local de Barbadás, sobre todo o pequeno comercio local, tamén é unha fonte de riqueza do noso Concello, é



unha fonte de creación de emprego, e polo tanto é algo que temos tamén que desenvolver e promocionar especialmente, sobre todo para loitar contra as grandes superficies que ademais se atopan moi preto do maior núcleo comercial de Barbadás que é A Valenzá. Aumentamos ou creamos a partida nova de promoción turística, xa dixen antes cales son os obxectivos do noso Concello en canto á promoción turística de Barbadás, vamos a abrir, vamos a recuperar a xestión directa dunha casa que se fixo con fondos europeos hai dez anos e que o Partido Popular en 28 anos de goberno non foi quen de pór a disposición dos veciños e das veciñas do Concello, viamos en anos anteriores como este Concello delegaba o Museo da Música na Deputación Provincial de Ourense, daba a sensación que o Partido Popular de Barbadás era absolutamente incapaz de pór en valor un edificio público, unha infraestrutura pública creada con fondos europeos para beneficio dos veciños que lla regalaba á Deputación de Ourense, por certo para que a tivese no ostracismo e absolutamente pechada, pois nós vamos a valorizar ese museo, vámolos a pór en valor, vamos a realizar actividades culturais, educativas e musicais nese Concello, e vai ir acompañado todo isto dunha promoción tamén doutros valores endóxeos do Concello, como poden ser roteiros, ou como poder ser sen ir máis lonxe, o rianxo que había e hai aínda en Barbadás. Na partida de órganos de goberno redúcese en total 16.000 €, especialmente redúcense dúas partidas, retribucións básicas de grupo de goberno e seguridade social, supón unha redución no gasto de 36.000 € respecto ó que gastaba o anterior goberno do Partido Popular, un 25% menos en salarios en goberno que é o que gastaba o Partido Popular, que si aumentamos o recorte de gasto que supón a nova asunción de responsabilidades que ten o Concelleiro de deportes sería polo tanto o 37,5% de aforro total nesta partida, reducimos iso si as atencións protocolarias e representativas no Concello de Barbadás que antes eran de 10.000 €, e reducimos a 3.000 € algo que consideramos o mínimo, absolutamente mínimo para poder facer unha atención acaecida para aqueles actos institucionais que nos obriga a acoller á xente que ven de fóra deste Concello cun mínimo de criterio de atención, reducimos axuda de custes dos membros de goberno, e reducimos tamén os gastos de outras indemnización, de atencións perdón, atencións protocolarias representativas, e de gastos perdón, de publicidade en 7.000 €. E esta é pola miña parte a primeira intervención para facer un pequeno rascaño do que supoñen estes novos orzamentos para o Concello de Barbadás e que sometemos á aprobación de Concelleiros e Concelleiras.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O sr. Padrón toma a palabra: Moitas grazas. Ben, dende a iniciativa veciñal que aquí representamos unidos en Compromiso por Barbadás, somos conscientes da importancia de que o noso Concello dispoña duns orzamentos xustos e solidarios que atendan as necesidades básicas da nosa veciñanza



que repercuta no benestar da cidadanía en xeral. Dende o mes de xuño deste ano que acadamos unha representación importante neste Concello estamos a traballar en prol da estabilidade do Goberno, primeiro apoiando a investidura do señor Valcárcel, segundo devolvendo ó Pleno da Corporación as máximas competencias que a Lei permite para que as decisións que aquí se tomen sexan o máis consensuadas posibles mellorando así a participación e a transparencia. Tamén conseguimos que os gastos dos órganos de goberno se reducisen, pese haber aumentado o número de Concelleiros e Concelleiras e as horas de traballo de todas e de todos, que todos e todas adicamos en prol da mellora do noso entorno. Durante estes meses fixemos un traballo de oposición construtivo e en positivo, apoiando todas aquelas cuestións que supuxeron un beneficio para a veciñanza en xeral e actuando sempre con sentido común. Estamos en contacto permanente con todas aquelas persoas da rúa, colectivos, e asociacións que afectan as decisións que se toman para que nos aporten a súa visión da realidade e nós as poidamos trasladar ó Pleno e ó Goberno mellorando así a participación e conseguindo un mellor acerto na execución destas decisións. Pola nosa parte presentamos mocións realistas e executables que sexan de competencia exclusiva do Concello, demandas que a veciñanza nos fai chegar e que nós trasladamos para o seu debate e aprobación. Polo tanto o camiño que emprendemos no mes de xuño pasado é o de actuar con responsabilidade, primeiro defendendo sempre o ben común da cidadanía, segundo aportando ideas e proxectos ao goberno que axuden a mellorar o noso Concello, terceira facer unha oposición seria e razoada a todas aquelas propostas que non compartamos, en definitiva, ser a voz da cidadanía e os seus ollos aquí, onde se toman as decisións. Somos conscientes da dificultade de facer uns orzamentos tendo en conta que houbo eleccións a metade de ano cuxos resultados reflectiron nun cambio de goberno logo de 28 anos de maiorías absolutas dun mesmo grupo político, entendemos as súas dificultades para a súa elaboración e presentación para os grupos da oposición, dentro desta dificultade fixemos un traballo contra reloxo, para estudalos, contrastalos, aportar ideas, informarnos, sempre actuando con responsabilidade e ánimo de construír, esperamos que o próximo ano se presenten en tempo e forma o que repercutirá no ben da veciñanza. Así pois unha vez recibidos os orzamentos nas nosas mans puxémonos a traballar, estamos de acordo en xeral, aínda que non compartimos certas cuestións en particular. Consideramos prioritario o servizo de atención ás persoas maiores sobre todo no tema da dependencia, que consigamos que ningunha persoa se queixe do funcionamento deste. Tamén que se leve a cabo a moción que presentamos en relación ó taller para eles que foi aprobada polo Pleno deste mes en curso, incidiremos en especial en que o gasto social sexa prioritario para axudar a aquelas persoas que



realmente o necesitan. Estamos de acordo no aumento da plantilla da Policía Local que seguro mellorará a seguridade do Concello. Pensamos que é prioritaria a compra dun segundo tractor para a limpeza ou desbroce antes que adquirir unha motobomba, o motivo é sinxelo Barbadás ten a sorte de ter a base de Trelle preto polo que os medios da Xunta están a carón de nós, e como nisto todo o mundo está de acordo é mellor ir polo camiño da prevención. No apartado de obras e similares tamén presentamos unha moción este mes sobre a sinalización de fontes, resolver problemas de alumeadado, telefonía, etc, que tamén foi aprobada polo Pleno e o goberno a asumiu como propia. En relación ás obras importantes a realizar no Concello a executar co remanente de tesourería unha vez sexa posible alegar facelo, compromiso presentou no seu día ó goberno todas aquelas obras que a veciñanza das diferentes parroquias e lugares nos fixeron chegar, que afectan ó maior número de persoas posibles e que estas consideran prioritarias para mellorar o seu entorno, o goberno asumiu moitas delas como propias polo que nos alegamos do traballo que fixemos nese sentido de trasladar as iniciativas da maioría da veciñanza. No que afecta á Concellería de Cultura apoiamos a proposta pola igualdade, pola defensa da cultura propia do País, a nosa lingua, a nosa música, as nosas tradicións populares dos nosos maiores e antepasados, que llas queremos trasladar ós noso nenos, que son o futuro e é necesario que experimenten como propias, pois iso propuxemos unha iniciativa de fomento dos cativos da música tradicional galega cos seus instrumentos para unir as distintas xeracións entorno a nosa cultura propia de País, isto é necesario para crear unha conciencia propia e unida que nos permita unirmos a outras culturas e enriquecernos delas. Queremos que o entroido do Concello sexa o entroido de todas e de todos, fomentar a participación veciñal, aumentando as asignacións ás comparsas, sobre todo aquelas que leven o maior número de xente de nenos e maiores, aumentar os premios, eliminar o gasto superfluo e de escaparate, en definitiva gastar os cartos na veciñanza que é realmente a que fai o entroido. A Concellería de deportes supón un gasto importante neste orzamento pero necesario, neste apartado fixemos chegar ó goberno a nosa proposta de mellora do campo da Chaira para o uso e disfrute da Escola municipal de fútbol cando se precise esta instalación co que se aforrará o gasto que suporía buscar unha nova ubicación. Por último no tocante á promoción turística dende Compromiso facemos unha aposta clara e decidida e así llo fixemos saber ó goberno para dinamizar o núcleo de Santa Uxía recuperando a súa escola para atraer visitantes movidos pola cercanía coas termas de Outaríz e conseguir que a iniciativa privada recupere o pobo como está a pasar en Reza ou Eirasvedras, doutro lado do río. Somos conscientes polo tanto dado a información recibida polo servizo de intervención do aumento que experimentan os orzamentos con relación ós do ano 2015 e as



consecuencias negativas que suporían a non aprobación do mesmo. Dende Compromiso por Barbadás estamos a traballar todos os días por aportar ideas para mellorar o noso Concello facendo sempre un exercicio de responsabilidade intentado chegar a acordos polo ben da veciñanza que nolo esixe, valoramos moi positivamente a aceptación das nosas propostas pero non porque se precise o noso apoio, senón porque sexan realistas e razoables para un Concello como Barbadás, e contribúan a mellora da vida de todos e de todas, queremos aportar a nosa propia visión da realidade vista dende a nosa óptica enriquecendo desta maneira as propostas para que sexan o máis acertadas posibles. Toda vez que o goberno fai súas moitas das nosas propostas consideramos xusto apoiar uns orzamentos que son os primeiros na historia deste Concello que asumen como propios, confiando en que se executen co maior éxito posible entre a veciñanza, é a nosa responsabilidade facelo así, votar en contra sería condenar ó Concello a traballar cun orzamento o do 2015 lastrado pola famosa regra de gasto. Votar abstención sería non querer mollarse na mellora do Concello, por iso damos o noso voto de confianza, pois todos merecemos unha oportunidade de demostrar que queremos traballar e facer as cousas ben, a partir de aquí comeza a nosa labor de oposición para controlar a execución do día a día do orzamento, que por outra banda é o realmente importante, o que votemos hoxe aquí é unha declaración en moitas partidas, en outras non, de intención a execución real é a que nos dirá se finalmente cumprimos os obxectivos que nos marcamos. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón Padrón. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra (D O): Isto vai ser bastante rápido, xa se ve por onde van os derroteiros deste Pleno, entón pouco máis temos que dicir, pero vou dicir catro cousiñas. Vamos a ver en canto a Protección Civil o outro día na Comisión Informativa dixéstesme que hai un presuposto para animais que vai englobado na partida de Protección Civil de 2.000 €, a min paréceme un presuposto 2.000 € moi escasos porque xa só cas colonias de gatos que hai en A Valenzá e en Sobrado xa se gasta ese diñeiro, porque segundo me dixeron hai tres colonias e aproximadamente a castración dunha gata costa 30 €, os pensos custan 8€, 7 quilos, falando claro que 2.000 € xa os levan só os gatiños, entón polo tanto os cans quedan aquí absolutamente sen nada, eu pediríavos que se hai unha partida para os animais que se especificara, porque como especificades outras penso que esta tamén é bastante importante, e tamén vos digo que seguindo a liña de vostedes que queredes a cada cousa chamarlle polo seu nome, en cada sitio facer o que se ten que facer, non me parece moi adecuado o dos animais en Protección Civil, habería que no futuro intentar pois facer unha canceira municipal, ou



unha protectora de animais. Entendo que os presupostos aínda que aumentamos bastante, aumentamos 716.549 € que é bastante, explicoumo a Interventora moi ben explicado, entendín de onde viñan, son uns orzamentos bastante escasos porque temos gastos ordinarios, gastos fixos son bastantes, en canto a iso a Protección Civil. Despois xa en canto á iluminación pública no apartado de enerxía eléctrica gastamos ó ano 260.000 € no subministro, habería que facer a ver se se da reducido, porque é bastante, pois cambiando o sistema de bombillas, a led ou de baixo consumo, intentar mirar se podemos aforrar algo nesa partida. En canto a parques e xardíns vexo que hai un aforro de 5.700 €, espero que isto non baixe na calidade dos parques e xardíns, sobre todo que se teñan limpos porque ata aquí atrás, no outro goberno, non no de agora obviamente, porque o de agora levades moi pouco tempo para mirar o que ides facer, espero que estean limpos, nin silvas, e toxos e cousas así, e o parque dos patos adecualo, as casetas xa están ben, espero que estes catro anos siga así de ben, non só estes meses. En protección social estou bastante satisfeita, subiu o cal gústame, ogallá subira 20 veces máis, felicítovos porque vexo que vos preocupades. Hai aquí un grupo en canto o programa 312 en canto a hospitais, centros asistenciais, vamos a ver aquí hai unha cousa que eu xa dixen en campaña que o local onde está o centro de saúde ó ano supón 37.000 €, o cal ó mes paga 3.125 €, paréceme un aluguer moi caro, porque case estamos falando dun aluguer de Ourense da rúa do Paseo, pouco menos, eu polo meu traballo sei que se pode falar cos propietarios e propoñerlle unha baixada en canto o tipo de aluguer que se adapte a como está hoxe o mercado, porque aínda que vaíamos facer o centro de saúde, pero se votamos un ano ou dous pois se podemos aforrar aquí diñeiro estaría moi ben. En canto a ensinanza preescolar e primaria o grupo programa 321, en canto a subvencións familiares de escolas infantís dende 30.000, isto é basicamente un remendo, chámolle eu, está claro que teríamos que ter unha segunda gardería municipal, porque quedaron 36 nenos este ano fóra, non é así señor Sarín?, quedaron 36 nenos, entón eu penso que andar dando subvencións, pois que se faga este ano vale, pero penso que no futuro temos que ir pola liña de crear unha segunda gardería porque privatizar as cousas como vos dicides non vos gustan, a min non me gustan nada porque ó final é tirar diñeiro e todo encarece, entón hai que mirar pola liña de como se pode facer da creación diso. Eu hai unha cousa que vos quero dicir a todos, e é que cando o diñeiro é xusto, porque dende fóra parece que nos sobra moito diñeiro, e despois cando te pos a estudar isto todo dáste conta que é xusto, invítovos a todos a que fagamos unha campaña de ingresos, eu xa o teño dito varias veces, que é facer unha campaña de empadramento, dúas veces ó ano, aínda que gastemos algo de diñeiro nesas campañas non é gastar, e recadar diñeiro, iso non lle vai saír ós veciños caro, porque iso ós veciños non lles costa absolutamente nada,



simplemente lle vamos a explicar as vantaxes que teñen que canto máis servizos temos máis servizos podemos dar, e tamén quero que vós os que estades no goberno, que pidades todas as axudas que haxa, tanto da Xunta coma da Deputación que estades moi ó tanto diso, porque aínda que non gobernades os mesmos, unha persoa con un pouco de intelixencia e sabéndose explicar ben podemos ter diñeiro por aí, esa é unha liña que vos invito a que fagades. En canto ó grupo de programa 330 administración xeral de cultura, traballos realizados por outras empresas, 90.000 €, non me quedou claro, gustaríame que despois xa me explicardes a que é debido iso, ou non o oín, ou non me quedou claro. Administración xeral de deportes, fomento de deportes, isto é un pouco, o que vos dixen o outro día nuns orzamentos de 6.200.000 €, que deportes englobado todo, deportes, pavillón, e todo que nos salga un 10% é moitísimo, entendo que hai gastos que veñen de atrás, hai servizos que agora cortalos é difícil, pero é difícil explicarlle a un veciño que de seis millóns gastamos seiscentos e pico mil euros en deportes, cando partidas para min máis importantes teñen 17.000 €, entón claro non estou para nada aquí en contra do deporte, pero vade mirando a liña de reducir gastos, si é certo que se reduciu 18.000 €, o que comentastes ó principio da lexislatura o cal está ben e alégrome, pero segue sendo isto, 18.000 para 600.000 € segue sendo unha barbaridade. Aquí hai un grupo de programa de 434 comercios, isto é unha risa, para min é unha auténtica risa, ter 17.000 e non ter nada para min é o mesmo, ou sexa, o motor dunha cidade, ou dun país, é a industria, é o comercio, como podemos ter 17.000 € para axudar ós comerciantes, con 17.000 € que lles damos, a miña pregunta que eu teño un negocio e sei precisamente do que falo, a que se deben estes 17.000 €, que pasa que o concelleiro que sabe defender ben a súa concellería ten máis diñeiro e o que non di 17, coma que di 6, coma que di 2, vexo pouca preocupación síntoo moito dicirillo, non sei se non llo deixan facer mellor, ou se vostede pensa que con este diñeiro pode chegar, non sei que explicación lle vai dar ós negocios de A Valenzá, e de Barbadás, ós comerciantes, en definitiva unha partida de 17.000 €, faime rir, por non chorar, que triste. Promoción turística, aquí vexo que co concelleiro esmerouse un pouquiño máis, porque temos 50.000 €, eu o que estou dicindo, non llo digo como afán de darlle as grazas, nin de que o fixo estupendamente, simplemente volvo ó de antes, hai concelleiros que se preocupan polas súas concellerías, e outros non. Como lle podemos explicar á cidadanía que para turismo temos 50.000 € e 17 para comercio, por favor eu non o entendo, entón gustaríame que mo explicardes, volvo a dicir, está ben gastar 50.000 se podemos traer xente de fóra, pode consumir nos nosos negocios, pero temos que ter lóxica, porque vós, todos tedes unha casa, todos tedes familia, eu penso que o primeiro que tedes que facer é pagar a hipoteca ou o aluguer, e despois saír de festa, e aquí parece que a festa prima



por encima das necesidades. En canto ó grupo de programa 912, órganos de goberno, outras indemnizacións, outro apartado que non o entendo, antes gastábanse 5.500 €, agora prevese 19.080 €, quero que iso mo expliquedes. Tamén no grupo de programa 920, administración xeral, prima de seguros, agora temos 30.000 €, antes había 22.000, e nesta partida gastamos uns 100.000 € a maiores, por que, quería saber o motivo. E nada en liñas xerais, é o que vin, non tiven o tempo suficiente para preparalos mellor, gustaríame que para o próximo ano, non vamos a dicir un mes, nin tres semanas, porque tampouco vamos a falar excesivamente, pero si 15 días porque, falo polo noso grupo, a nós preocúpanos, supoño que ós demais tamén vos preocupa, pero eu como empresaria que son quero que pensedes que moitas veces máis ca reducir gastos que está moi ben, é sacar diñeiro, sacar diñeiro non, vólvo a repetir, non dos cidadáns que a xente xa ten ben pouco, senón das axudas, tanto para o tema por exemplo dos incendios, sabedes que hai axudas, en canto a iso, máis axudas, sacar todo o máximo que poidamos entre todos, e tamén se algún concelleiro aínda que non estea no goberno, coma é o meu caso, ou a miña compañeira, se nós nalgún momento vemos que pode haber algunha axuda que vós non tedes coñecemento, que saibades que nós vamos a dicírvolo porque é en beneficio de todos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Bos días a todos e a todas. Como podemos ver hai pouquiño público pero explicaremosllo aos veciños de Barbadás, os orzamentos xa están aprobados, o Grupo Mixto xa dixo que ía aprobar estes orzamentos, estabamos pensando despois de oír a dona Fina Varelas, se leíamos o noso traballo e si o vamos a ler, porque creo que os veciños teñen que saber cando na acta do 2014 nos dicían que isto era un circo, o circo creo que está agora, e vou a pasar a ler todo o traballo do Partido Popular, aínda que despois farémolo saber en roldas de prensa, e en presa o que o Partido Popular de Barbadás pensa sobre estes orzamentos que xa foron aprobados. Entendo, e será na miña segunda intervención cando diga ó señor Padrón, que non entendo como lles deu a gobernabilidade e non pase a gobernar con eles, cando lles está apoiando ó 100%, eu creo que debía estar aí polo menos xa vía de primeira man o que están facendo e a opinión podía ser directa. Señor Alcalde, o que si vou a pedir un pouquiño, vamos a ver, o traballo pódeme levar 10 ou 15 minutos que vou a ler, tivemos respecto a todos os grupos e pido iso para o Partido Popular, algunha das cousas que van a oír non lle van gustar, pero logo poderán contestarme, soamente lles pido iso, que non me interrompan.



Señor Alcalde comezarei coas súas palabras recollidas na acta do Pleno de orzamentos do ano 2014. “Señor Freire (que tanto vostede nomea), 10.477 veciños e veciñas de Barbadás, cada un coas súas particularidades, circunstancias e problemas, 10.477 non é unha simple cifra, son persoas ás que hai que atender dende o Concello, prestando servizos, mellorando e modernizando dotacións xa existentes, creando axudando a crear outras dotacións e servizos novos. A finalidade dun orzamentos é dar solucións ás necesidades dos veciños, apostando polas persoas máis desfavorecidas, pola creación de emprego, apostar por mellorar parques e xardíns, as estradas, rúas e pistas, e apostando por mellorar o alumbeado público e a recollida de lixo, loitar por conseguir unha segunda gardería, un instituto, un centro de saúde digno, e longo etcétera que despois pasaremos a enumerar”. Quixen empezar con isto para que vexan o que é este orzamento de 2016. Vostede viu o orzamento que realizaron, ou será que os seus compañeiros de viaxe preparáronllo, xa lle explicarei o por que da miña afirmación cando desgramenos a que partidas van maioritariamente o diñeiro dos cidadáns, como vai a explicar á cidadanía en que vai a investir os 716.534,73 €, diralles a verdade ou seguirá facendo demagogia como todos estes anos. Dígalles: unha nova piscina tan reclamada por vostedes, segunda gardería, instituto, nada, nin un euro para todo elo. Arranxos de pouca monta para a piscina. Segunda gardería, para quedar ben coa cidadanía un cheque bebé que non cumpre coa legalidade (como ben lles informou a Interventora na Comisión Informativa), só queren beneficiar ás gardería privadas da zona e saben que iso é ilegal, se eu teño un neno con solicitude en gardería municipal e me quedo sen praza, teño dereito a levalo a calquera gardería incluso de fóra do Concello e optar á axuda, non soamente ás garderías do Concello. Estuden ben as axudas, isto suporá que o ano que ven os pais soliciten praza na gardería municipal e poida optar a esa axuda (boa idea si señor) igual que a de trasladar a auxiliar administrativa da gardería, e seguimos. O instituto, non me diga que xa empezaron as negociacións, no orzamento da Xunta non o vimos, recórdolles que levan 6 meses gobernando e as prioridades señor Valcárcel non as vemos por ningún lado. Agora xa non poden votar a culpa ó PP de Barbadás pola súa ineficacia, miren para vostedes. Parques e xardíns, deixaron 5.000 € a maiores da partida anterior, máis que o anterior orzamento, dirame con que vai a arranxalos, tanto que prometeron ós pobos o arranxo dos mesmos, van a cambiar a arena polo caucho como vostedes pedían. Iso si para vías públicas van a contratar 6 peóns que mirarán para a señora Concelleira xa que para gastar e arranxar os camiños e facer obras novas deixaron os mesmos orzamentos que xa había, iso si para contratar a eses peóns incrementaron 81.000 € que non poderán xustificar a súa contratación por urxencia xa que para estar mirando, creo que o Pleno, a non se que o Grupo Mixto



siga dando a axuda, non dará a súa aprobación. Quedábame a iluminación do Concello, como vai a mellora a iluminaria con un incremento de 5.000 € nesa partida, outra promesa incumprida, seguiremos rezando para que ningún peatón, que xa ten pasado, incluso á miña persoa, e moita xente o viu, volva a ser atropelado. A rede de subministros, recórdolle a vostede señor Alcalde lle prometeu ós veciños de Loiro o arranxo das tubaxes da auga, con 7.500 € de subida nesa partido creo que pouco poderán facer. Vostede deuse conta que o capítulo 1 área de servizos básicos do Concello tan criticada nos últimos anos ao Partido Popular, segue igual e non a melloraron. Terá que explicarllo ós cidadáns, non se preocupen que nós vámonos a encargar a oposición. Sorpresa, señores compañeiros de goberno si, hai subida e importante, pero o que demandaron sempre a partida para atencións benéficas asistenciais e celiacos (subvención que xa existía e aprobou o Partido Popular) incrementana só en 14.000 €, pero o curioso é que para traballos para outras empresas incrementase en 20.000 €. Vostedes enténdeno, non sería mellor incrementar a partida de axudas eses 20.000 € beneficiando a todos os cidadáns, e non beneficiar a empresas que de momento non sabemos que virán a facer. E outros 20.000 € en contratar a dúas persoas para crear o servizo de Normativa lingüística, pregúntenlle ós cidadáns cal é a súa prioridade como dicían ben vostedes na anterior acta, comer e pagar os seus gastos correntes. Sinceramente non entendemos que reclamaran a atención social e agora a deriven a programas que non axudan ás persoas a chegar a fin de mes, non é que o Partido Popular estea en contra da lingua, nin de Galicia, e o dicimos moi claro. Noraboa señores do BNG o que tanto criticaron agora fano vostedes, contratar a outras empresas para facer o traballo, e seguimos coa demagogia. Outra sorpresa maior, fomento do emprego, concellería do mesmo grupo, BNG, , señor Valcárcel ve o que estou desgranado, incremento importante de case 60.000 €, a señora Fina Varelas xa se deu conta por onde ían estas Concellerías, para contratar persoal, poderá xustificar a súa contratación. Lémbrolle que Barbadás necesita crear emprego, convenios con empresas e solo para instalarse, convenios coa Universidade, fenomenal, pero o que se necesita e díxollo antes Democracia Ourensana, é traer empresas, traer solo, traer convenios con esas empresas, que si se pode facer, o Partido Popular tiña negociacións. Chegamos ao programa de saúde pública e nin un só euros para programas, vostede dicía saúde, educación e cultura, que si englobouno dentro do mesmo programa, pero para saúde nin un euro, ao contrario cargáronse o centro de saúde de Barbadás coa súa última moción, e prometéranllo a parte da cidadanía que seguiría aberto a xornada completa. Explique o que fixeron con adiantarse nunha moción no último Pleno, medalliña política que causaron malestar entre os veciños, se houberan deixado que todos os partidos negociáramos esa medalliña política non



pasaría isto. Grazas que o PP, segue velando pola Sanidade e teremos ese centro de saúde tan demandado e se lle deixamos a vostedes nin hoxe o teríamos. Educación, unha área que xa a tiñan cuberta de servizos que lles deixamos funcionado ao 100 % correctamente e que non necesitaron mellorar. Cultura, dígolles que partido leva esta área, aumento da partida 64.000 €, por se acaso BNG, señor Valcárcel, Alcalde de Barbadás, vostede está seguro de que manda e que fixo os orzamentos, lembre o que lle dixen ó principio da miña intervención, ao final voulo a recordar. Esperemos que a cultura sirva para unir á cidadanía e non se centre en actividades e programas sociais que xa nolo recordaron agora mesmo, que xa nos teñen acostumados o BNG nestes últimos meses. Actividades e programas que se fan para uns poucos e se gastan o diñeiro de todos. Deportes, recórdolle o que vostede dixo sobre a subvención del equipo de 3ª división, “Os socialista somos partidos de que o Concello axude a buscar patrocinios, pero cousa distinta e facer achegas directas de cantidades tan destacadas, a concesión nominativa supón unha designación a dedo e os cartos saen dos petos da veciñanza”. Non o faríamos tan mal cando volven a poñelo. Pódeme explicar vostede que ás asociacións de veciños teñan que concorrer competitivamente para optar unha subvención e pode levar a cabo as súas actividades e aos equipos de fútbol sexan nominativas. Non entendemos que nós o fixéramos mal e nos criticasen e agora o fagan vostedes e prexudiquen ás asociacións de veciños. Xa lles dará as explicacións oportunas, ten que saber que as bases virán a Pleno xa que non lle queda máis remedio pero o señor Alcalde ten potestade, e que o saiba a cidadanía, para dar a a dedo as inferiores a 12.000 €, aínda que aprobemos esas bases. Faga memoria outra vez, non quero ler a acta do 2014 porque creo que o mellor, en vez de traer a desgranar estes orzamentos, se lemos a acta, xa non me vou a referir ás oito anteriores que os que estamos aquí parte deles dixemos nesas actas anteriores destes oito anos, se a cidadanía as lee vería que o que vostedes criticaron durante tanto anos agora mesmo mesmo o están facendo vostedes, ou peor, sigo dicindo faga memoria outra vez, non quero ler a acta do 2014, pero creo que o mellor para deixalos en evidencia ante a cidadanía sería lela enteira e verían a súa demagogia, á hora de criticar durante 28 anos ao Partido Popular. Recorda como criticou duramente o servizo estrela do Concello, e á miña persoa como Concelleira de deportes, tan mal non o fixemos xa que hoxe conta con 700 usuarios e deixaron os mesmos servizos, foron listos e doulles a noraboa e incrementaron a partida en 51.000 €, iso quere dicir que teríamos a razón en investir en saúde e en deporte pero explíqueo que se equivocou unha vez máis en criticalo porque agora o fai vostede. Seguimos sen entender que nestas partida si haxa subvencións nominativas, nunhas si e noutras non, o que está é prexudicando ás asociacións de veciños que os teñen contentos, pero



seguiremos e despois irei aí. Doulles unha pista deportes lévao o PSOE e as outras BNG, eu voules informando por se os cidadáns, os pouquiños que están aquí van vendo os orzamentos. Dúas áreas novas, Comercio, 17.000 €, Información e turismo, 50.000 €, ben dicías Fina no comercio é o motor deste Concello, pero non entendemos, xa sabes por onde vai, o comercio 17.000€, información e turismo 50.000€, eu esa partida non a vexo, si que hai que dar e efectivamente ó mellor o que dicía o señor Padrón de Santa Uxía, e valorar esa escola, perfecto, estamos de acordo, agora 50.000€ cando o que vostedes criticaban e nós vemos correcto, os cidadáns teñen que chegar a final de mes, e as urxencia que hai en vez de como dicía o meu compañeiro antes, hai institucións que nos axudan a falar en galego e formar a todos a falar galego. Volvemos a traballos para outras empresas e subvencións a empresas privadas, 55.000 € destas dúas partidas, seguen criticándonos e o fan vostedes, recórdeno non entendemos. Transporte público, son bos negociadores, xa o vemos incrementase en 77.000 € a partida que gran parte sairá dos petos dos cidadáns, xestión cero deste goberno, seguimos dicíndoo, hai quen lle da benevolencia de seis meses de goberno, en seis meses de goberno poden xa vostedes negociar con empresas de transporte, e non fixeron ningunha negociación. Lembre cando negocie o transporte metropolitano que non só ten que beneficiar a A Valenzá senón aos pobos tamén. O pacto que vostede ten co Grupo Mixto era dunha baixada dun 15% nos órganos de goberno, creo que as contas non saen e só baixan un 12% sen contar xa a retribución do señor Fírvida que deixou de cobrar das arcas do Concello a súa dedicación no mes de setembro senón creo que os números ían a ser moi negros, creo. Despois desta exposición que os cidadáns van a coñecer de primeira man, o PP sacou as seguintes conclusións a este orzamentos do 2016. Demagogia pura e dura durante 28 anos. A crítica que vostedes fixeron véuseltes en contra de todos vostedes concelleiros do BNG e do PSOE nestes orzamentos. Señora Morenza onde está a relación plurianual de obras, que tanto vostede dicía e lle predicaba ao Partido Popular. Señor Valcárcel e señor Fírvida, criticaban os traballos a outras empresas e vostedes son os primeiros en incrementar nesas partidas. Señor e señora concelleiro de parques e xardíns e obras como van a xustificar o seu salario aos cidadáns se a subida nas súas áreas é insignificante, van a ter peóns pero para que miren para vostedes. Pense que nos criticaron por elo durante moitos anos por elo. Unha baixada insignificante en soldos nos órganos de goberno, para que agora mesmo incumpren pactos que lle deron a gobernabilidade e que un Concello de 10.400 habitantes estean sen Alcalde e sen Tenente Alcalde con dedicación. Vostedes non creen que enganaran aos cidadáns estando sen capitán con un barco á deriva que da tumbos e con mariñeiros que non saben remar. Señor Sarín deixe de facer inventos, todo está inventado, claro que se



pode mellorar todo, pero vostede o que fai é empeorar todos os servizos que vostede toca, por onde pasa, pónolle varios exemplos, manualidades (luciuse), a ver como lle din agora ás asociacións que non teñen diñeiro para empresas na súa área, que le pedira por activo e pasivo ó PP para que se contrate a unha persoa para dar a actividade de manualidades para o ano que ven, si vai ter diñeiro, agora xa non llo pode negar, non se preocupe que o Partido Popular se vai traer para que teñan unha persoa de manualidades, a ver se se negan vostedes agora que xa teñen diñeiro. Xustifique aos pais da gardería a súa mala xestión, ao trasladar á auxiliar administrativa, non se preocupe que os pais falarán con vostede. Si entendemos que o servizo que vostede quere dar aos cidadáns de Barbadás abrindo as oficinas pola tarde é bo, e estamos de acordo, pero en vez de ter un servizo de normativa lingüística, empreguen o diñeiro en contratar dous auxiliares de tarde, e non quiten os auxiliares de onde fan falta. Lémbrolles que os locais son do Concello e non de asociacións que se apropian deles, e das súas pertenzas sen pago de canon nin aluguer, pero esta é outra cuestión que traeremos máis adiante. Outra máis, a súa ordenanza de atención cidadá, demagogia pura e dura, vostedes que tanto avogan por dar palabra á cidadanía, preguntáronlle ás asociacións de veciños as súas prioridades e reflectilas nestes orzamentos, perdoen pero creo non. Creo que con todo o exposto invito a ler aos cidadáns de Barbadás, como xa dixen antes, a acta do Pleno de orzamentos do ano 2015 e despois vexan os deste ano. Explicacións, explicacións e máis explicacións que terán que dar os órganos de goberno, incluído o señor Padrón. Agora, xa non lle serve esa frase que oíron tantas veces durante estes seis meses, “o Partido Popular non nos deixou diñeiro, as arcas están baleiras”. Mentira, e é demostrable. Digan por que votaron en contra a baixada catastral do 29% que beneficiaría a todos os cidadáns de Barbadás, isto que quede moi claro, segundo vostedes o Concello perdía 600.000 € de ingresos, e agora casualidades teñen 700.000 para gastar en política clientelar como vostedes dicían ó Partido Popular, un 29% que todos os veciños de Barbadás poderían beneficiarse no seu recibo todos, sen embargo se dedican a contratar persoal, traballos a outras empresas . Señores do goberno se tiveran un pouco de vergonza, dimitirían e deixarían traballas ás persoas que durante 28 anos levaron este Concello a ser un referente en Servizos e Benestar e que lles deixaron o traballo feito. Esquecéronse dos pobos no orzamento, nos próximos Plenos voules a recordar actuacións que vostedes propuxeron. Como as vai realizar. Última conclusión, señor Valcárcel vólvolle a preguntar vostede está seguro que o BNG non lle fixo estes orzamentos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Estes son uns presupostos dun goberno, dun goberno progresista que loita pola veciñanza e pola igualdade dos nosos veciños en tanto a xénero como dixen



antes e en canto a súa situación. Son uns presupostos transparentes, e son uns presupostos que vostedes puideron contrastar coa señora Interventora. Son uns presupostos de coalición polos que apostamos os dous grupos políticos, son uns presupostos que benefician a toda a cidadanía. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Grazas señor Alcalde, o feito de que estes orzamentos aumenten en 700.000 € pois é basicamente derivado das partidas de ingresos porque doutra maneira non se nos permitiría aumentar as partidas de gasto porque os orzamentos teñen que estar cadrados as partidas de ingresos teñen que sumar o mesmo, exactamente o mesmo que a partida de gastos e polo tanto en materia de ingresos, é certo que se aumentan os impostos que se recadan por parte do Concello en materia de IBI rústica e urbana derivado de que o ano pasado se lle reduciu o tipo impositivo do 0,5 ó 0,4% pero o ano que ven vaise seguir aplicando este 0,4% pero os recibos da contribución urbana están sufrindo un incremento paulatino do 10% en oito anos, en dez anos perdón, derivado da revalorización catastral que houbo neste Concello no ano 2007 e que vostede coñece ou debería coñecer, tamén se incrementa esta partida derivado segundo notificación que tivemos pola Axencia catastral con cuxo xerente este Concelleiro de facenda xa falou varias veces e ten outras reunións pendentes, se nos comunica que está sufrindo un proceso de revisión de valores catastrais que vai supor tamén un incremento e xa o estamos observando polas consultas que realizan moitos veciños e veciñas do noso Concello en esta Casa do Concello en canto a estas revalorizacións catastrais. Tamén se aumenta a partida derivada do imposto de construción e obras en 160.000 € derivado de novas obras que se teñen previsto construír no noso Concello porque xa hai licenzas de obras concedidas para unha inversión moi importante no monte mancomún de Loiro, e auméntanse licenzas urbanísticas, auméntase por exemplo a partida destinada que se recada, que antes estaba subvencións de familias e agora está como transporte público urbano polo feito de que os bonobuses van a estar regulados cunha ordenanza municipal, increméntase tamén a participación nos tributos do Estado que é unha estimación que se fai, e tamén se incrementa a partida derivada doutras subvencións correntes da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galega, estes incrementos na tributación nos permiten incrementar o gasto, vostede parece que está moi preocupada en reducir o IBI linealmente a todos os veciños, sen ten en conta condicionantes sociais, laborais, nin económicos, nós sen embargo atenderemos ás necesidades das familias que máis o precisan non daquelas persoas que por unha situación laboral ou mellor desafogada si que poden pagar o IBI perfectamente e nós adicamos ese diñeiro a quen máis o precisa. Por comezar polo inicio ao señor voceiro de Compromiso por Barbadás



quero agradecerlle a súa actitude positiva, de negociación, de diálogo e de entendemento co Goberno de Barbadás, entendemos que está facendo un exercicio de responsabilidade política e iso é de agradecer, desde logo nós intentamos chegar a acordos para que estes orzamentos teñan o maior sustento e o maior apoio posible. Se o presentamos agora é porque tiñamos que cumprir cos prazos e que os orzamentos entrasen en vigor o día 1 de xaneiro, e isto nos obriga a ter hoxe este Pleno porque senón quedaríamos fóra deses prazos, asumimos a nosa responsabilidade e intentaremos en anos vindeiros presentalos antes ós grupos da oposición, a todos os grupos con representación para o seu estudo para a súa participación e tamén para a súa tramitación. En canto a señora Fina Varelas, a min ó principio da súa intervención dábase a sensación de que eu, estaba moi contento cos orzamentos que hoxe presentamos neste Pleno porque a min dábase a sensación que a maior preocupación de vostede era a cantidade que lle adicábamos ós animais e non ás persoas, eu entendo que os animais teñen necesidades termos que adicarlle toda a atención que necesitan pero se vostede comeza criticando estes orzamentos polas partidas que lle adicamos ós animais, e non polas que lles adicamos ás persoas eu xa me dou completamente por satisfeito. En canto ó aforro enerxético informarlle que estamos intentando, estudando moitas empresas especializadas en aforro enerxético e investimento para iluminación pública, para sacar a través do remanente de tesourería, unha liña que nos permita un aforro enerxético de cara ó futuro, este Concello está gastando máis de 315.000, 320.000 € ó ano en consumo enerxético, cremos que é unha cantidade moi elevada e si que é certo que intentaremos reducila nos vindeiros anos a través dun proxecto de aforro enerxético, pero teremos que facelo co remanente de tesourería se nos permiten as leis estatais. A parques e xardíns, está vostede preocupada de como vamos poder atender estas partidas e estes parques e xardíns, e vamos ter 4 persoas máis contratadas, que tamén é un dos motivos polo que aumenta a cantidade en persoal laboral do Concello, que son 4 persoas que agora mesmo xa están contratadas a través dun programa financiado, cofinanciado co Estado Español da Formación Dual, que nos permite ter a 4 traballadores nun contrato de formación e aprendizaxe teñen unha formación do 27% e unha parte de aprendizaxe do 82% que van a adquirir ademais de ter a capacitación de grado de formación profesional de grado 2 en carpintería e xardinería nos van permitir ter a estas 4 persoas traballando durante todo o ano para o Concello de Barbadás nestas áreas, son 4 traballadores máis para parques e xardíns. O centro de saúde actual está no baixo duns edificios onde antes había un almacén de patacas, é certo, e o contrato de aluguer son 37.000 € como vostede ben di, ven derivado dun contrato asinado polo Partido Popular, non quererá vostede que deixemos de pagarlle ó señor que nos aluga este baixo un acordo ó que



chegou o Partido Popular con el, non é un local, son dous baixos, e eu entendo que esta partida vai quedar en suspenso dende o momento en que este ano comece a funcionar o novo centro de saúde e polo tanto prescindiremos do aluguer deses baixos. Dos 30.000 € que hai para a subvención para a Escola infantil para os nenos e nenas que non obteñen prazas, como di vostede son 36 nenas e nenos, 36, xa nos gustaría poder facer unha segunda gardería, xa nos gustaría, xa falarei despois da segunda gardería, podía contar Barbadás cunha segunda gardería xa podíamos tela feito, se Barbadás hoxe só ten unha gardería é pola desidia do anterior goberno deste Concello que deixou pasar a oportunidade de acceder a unha subvención pública do Estado Español para abrir garderías municipais e que deixou correr esa posibilidade sen facer uso da mesma, e agora as consecuencias estamos sufríndoas nós, nós intentamos a través desta subvención solucionar os problemas das familias, é o que estamos intentando desde logo a solución definitiva sería unha segunda gardería, pero é un motivo e un medio de intentar axudar que por carencias que temos no noso Concello intentar axudalos. Campaña de empadramento, totalmente de acordo señora Fina, totalmente de acordo, é boa idea, eu creo que temos que camiñar nesta idea, isto vai supor máis diñeiro, a participación nos ingresos que nos deriva do Estado Español están en proporción á poboación real do Concello, e eu creo que hai moita, moita xente no noso Concello que aínda está sen censar e que deberíamos de facer un esforzo a través dalgún tipo de campaña para que estas persoas se censen en Barbadás. Axudas a subvencións, hai funcionarias deste Concello, e cónstame que así é, que todos os días miran DOG, BOE, Boletín Oficial da Provincia e todo tipo de axudas públicas que se publican en todos os sitios, funcionarias que traballan con moitísima eficiencia, que velan polos intereses do Concello, que están sempre atentas a que non se nos escapen nin unha subvención, polo tanto eu estou seguro de que este Concello por aí está traballando ben, e todas as subvencións ás que temos acceso estámolas aproveitándoas todas, incluso lle damos mil voltas a cada unha das subvencións antes de desbotalas definitivamente. 90.000€ en cultura, en realidade o incremento non é este, xa había partidas anteriores loxicamente para atender este departamento pero aí quedaron desglosadas dúas partidas que foi aquela modificación pequena que levamos a Comisión Informativa o xoves desta semana pasada, referido á creación do departamento de normalización lingüística que é un técnico de normalización lingüística dotado cunha partida de 20.000 € e gastos para o departamento de normalización lingüística de 10.000 €, e isto non é unha teima do Bloque Nacionalista Galego, non, señora Fina e señora Consuelo, non é unha teima do Bloque Nacionalista Galego, non, é unha necesidade da cidadanía deste País, porque entre outras cuestións para este Concello crear o departamento de normalización lingüística vai supor



que temos acceso precisamente ó que vostede reclamaba anteriormente teremos acceso a subvencións para sostemento e mantemento do departamento de normalización lingüística, e senón o temos creado teremos acceso a esta subvención, polo tanto intentaremos revertir a través de subvencións este gasto que estamos obrigado a dotalo de inicio para crear o servizo e despois a subvencións permitiranos ter ese desafogo económico porque teremos diñeiro para adicar a outras cuestións. En comercio 17.000 €, pódelles parecer pouca cantidade, trátase de axudas de promoción e desenvolvemento do comercio local, nós desde logo non podemos facer que a xente se meta nas tendas e nos comercios de Barbadás a comprar, eu creo que iso pertence ó ámbito privado e a promoción e o desenvolvemento da empresa privada, dende logo dende a administración pública o noso traballo é asistir a eses comercios, darlles axudas, promocionalo, intentar participar en campañas conxuntamente, subvencionarlles incluso a compra de material informático, ou realizar campañas de publicidade conxuntas e esa é a intención da Concellería de comercio, pode parecer pouca cantidade, a min se lle digo a verdade paréceme pouca cantidade todas as partidas do orzamento pero esta é a realidade contable que temos, non temos outra. Promoción turística, nese apartado, repito, non só vai promoción turística, vostede fala do comercio, pero isto ten moito que ver co comercio local, porque a promoción turística vai permitir que moita xente veña visitar ó noso Concello, e non hai maior promoción do comercio local que traer xente a Barbadás, e hoxe a xente a Barbadás só ven para vir en bicicleta, andar no monte, e volven a marchar en bicicleta, ou como moito veñen a pasear polo parque dos patos e polo río dos Muíños, despois volven cara Ourense, non se quedan a comprar en Barbadás, nin coñecen Barbadás, nin coñecen as súas virtudes, nin do seu medio ambiente, nin da súa cultura, nin do seu patrimonio, voulle pór un exemplo, hai neste Concello unha igrexa do século XXII, de inicios do século XXII absolutamente abandonada, incluso ten un reloxo moderno que adorna a súa fachada, iso é o que nos avergonza deste Concello, e é o que queremos cambiar en Barbadás, que a xente coñeza Barbadás polo seu patrimonio cultural, e polo seu patrimonio histórico e arquitectónico, tamén polos produtos endóxeos, como pode ser o rianxo, como pode ser o río dos Muíños, como poden ser roteiros, ou como poden ser o Museo da música, estamos seguros que iso tamén vai redundar en beneficio do comercio. A partida que falaba vostede que se incrementa no capítulo 9, está referida a asistencias a grupos políticos que foi o que acordamos cos grupos da oposición, adicar unha partida a asistencia a grupos políticos, e por suposto estamos abertos a todo tipo de colaboración por parte da oposición, repito a nosa intención o ano que ven é aprobar os orzamentos co maior antelación, que vostedes teñan acceso ós mesmos con máis días para o seu estudo, para a súa participación, e na medida do posible acoller neles as achegas



que nos queiran facer. A señora Consuelo Vispo, eu escoitando a vostede ninguén diría que estivo vostede no goberno do Concello os últimos 8 anos, porque da a sensación de que acaba de aterrar, non sei se da lúa ou de onde, pero da a sensación de que é vostede recién chegada ó Concello de Barbadás, tamén da a sensación de que vostede non ten ningunha responsabilidade de todo o que está sucedendo agora no noso Concello, e agora nos quere facer a nós cómplices e culpables da súa falta de xestión da súa desidia, da súa falta de traballo, do seu clientelismo, do seu caciquismo, incluso se atreve, fíxese vostede se atreve a irlle o señor Alcalde o que é absolutamente surrealista que cambie unha subvención en concorrencia competitiva para que as conceda el por valor de menos 12.000 €, estamos incitando a nós a que sexamos como vostedes o que xa me parece absolutamente surrealista, esas eran as súas practicas políticas, xa lle advirto, esas practicas quedaron desterradas deste Concello, absolutamente desterradas, acabouse o caciquismo, acabouse o clientelismo, aquí os contratos laborais van a pasar por un proceso de contratación absolutamente transparente señora Consuelo Vispo, onde non vai haber entrevista persoal, onde todos os criterios valorables van a ser obxectivos, onde os membros do tribunal van a ser persoas independentes sen relacións, nin laborais, nin sociais, nin políticas, nin familiares, con ningunha das persoas que están aquí sentados, con ningunha, nin nosos nin de vostedes, cousas que vostedes non facían, miren como eran as súas bases de contratación de persoal e compárenas coas que hai agora, miren quen estaba no tribunal e compárenos con quen estamos pondo agora, miren como eran os criterios valorables e compárenos, iso quedou desterrado de Barbadás, téñao vostede por seguro, e iso ó mellor é o que lles molesta a vostedes porque lles gustaría que seguísemos con esas prácticas. Di, ameázanos, ameázanos que vamos a sacar unha subvención ilegal, non teña medo por nós non vamos a facer nada ilegal non se preocupe, porque cada subvención que saquemos vai ser consonte á lexislación vixente, xa nos aseguraremos, xa pediremos todos os informes xurídicos que avalen a nosa xestión e se vostede observa que incumprimos en algunha partida denúncienos vaia ó fiscal e denúncienos, verdade?, faga iso, incluso nos acusa de que nos presupostos da Xunta de Galicia non hai partida para estas, mire os presupostos da Xunta de Galicia fainos o Partido Popular, non os fai nin o PSOE nin o Bloque Nacionalista Galego, os orzamentos da Xunta de Galicia fainos o Partido Popular. Parques e xardíns repito o que dicía a señora Fina vaise facer co remanente de tesourería sempre e cando cumpramos a regra de gasto, é dicir, estes orzamentos están realizados con cumprimento da lexislación estatal que nos permite para a aprobación dos mesmos non respectar a regra de gasto porque senón non poderíamos ter feito absolutamente ningún cambio, unicamente colleríamos os orzamentos do ano anterior e multiplicariamos por 1,8, sen



embargo se nos permite por primeira vez non cumprir a regra de gasto, si teremos que cumprila nos mes de marzo cando teñamos que xustificar ante o Ministerio de facenda a regra de gasto do primeiro trimestre do ano 2016, senón a cumprimos non poderemos facer uso dese remanente de tesourería, ese é o condicionante tamén que pesa por enriba da responsabilidade deste grupo de goberno, para poder utilizar o remanente de tesourería, iluminación repito, proxecto para o remanente de tesourería, aforro enerxético, luces led e outros programas que temos estudado para aforrar en consumo enerxético e en gasóleo en todos os edificios públicos. Loiro e tubaxes, pois estámolle dando unha solución, xa van moitas as reunións que teñen tido tanto o señor Alcalde como o Concelleiro de Participación veciñal, cos veciños e coas veciñas de Loiro para intentar, si moitas, moitas máis das que tiveron vostedes por certo, moitas máis, cantas reunións veciñais tiveron vostedes?, e non ás agochadas, públicas, abertas, en asemblea aberta, con participación directa, sen pecharlle a porta a ninguén, cantas tiveron vostedes e cantas tivo o novo goberno nos 6 meses que levamos no noso cargo. 14.000 € máis para axudas de emerxencia social, poden ser poucos, para min tamén son poucos, pero son 14.000 € máis que os 9.000 que adicaba o Partido Popular, 14.000 máis que os 9.000 € máis que o Partido Popular e agora nolo recriminan, claro é que son máis, máis do dobre do que facían vostedes e lles parece pouco tamén, a min tamén me parece pouco. 48.500 de cultura, perdón de Servizos Sociais, aquí está desglosada a partida para o técnico de igualdade, e o diñeiro adicado para o departamento de igualdade, algo tamén fulcral na liña de xestión deste goberno, loitar contra a desigualdade, loitar contra o feminicidio, loitar contra todo iso que despois botamos as mans a cabeza cando sucede algo, sen embargo nos gobernos anteriores e vostede tamén tería moito que dicir niso, pero iso pásao por alto non foron capaces de desenvolver ningunha acción encamiñada máis que cuestións de estética, política de vistas na cara á cidadanía non fixeron ningún plan concreto para loitar contra desigualdade social, e en materia de igualdade, non, non señora Consuelo. Moléstalles que adiquemos diñeiro á creación de emprego no noso Concello, falan do comercio, sen embargo lles molesta que busquemos a maneira que no noso Concello se aumente a empregabilidade, lles molesta que fagamos políticas activas para o fomento do emprego en Barbadás, pois eu repito iso tamén é unha liña estratéxica do noso Concello e do novo goberno, loitar contra o desemprego para intentar que persoas que agora están en situación de desemprego teñan acceso a un posto de traballo e a min tamén me parecen pouco 50.000 €, ou 70.000 € para loitar contra isto porque inclúe moito traballo que se está facendo no Centro empresarial transfronteirizo entre outras cousas lugar que vostedes tiñan absolutamente esquecido. O Centro de saúde de Barbadás o mesmo que con Loiro, reunións cos veciños, reunións



moitas, varias, ca xerencia do Sergas, negociacións co Sergas, pero a última palabra de cales son os servizos asistenciais e médicos que veñen ó Concello de Barbadás dependen do SERGAS, e o SERGAS depende do Partido Popular, e vostedes nos están achacando que seica que por culpa dunha moción nos vamos a quedar sen un médico, isto é unha loucura, porque na moción eu creo recordar que demandábamós, e senón vaian á parte dispositiva da mesma, demandábamós todos os servizos necesarios para atender en condicións de calidade a asistencia sanitaria no Concello de Barbadás, iso era o que puña a parte dispositiva da moción, queren dicir vostedes onde dicíamos nós na moción que non queríamos un médico en Barbadás, queren dicirnos vostedes cando nós fumos a negociar ó SERGAS o Concelleiro desa área que lle pediu un médico a tempo completo, enfermeira a tempo completo e non que estea subindo a de A Valenzá a compartir horario en Barbadás e que sexa culpa nosa que o SERGAS non nolo quere conceder, vamos nós a asumir as culpas tamén do que fai o Partido Popular na Consellería de Sanidade. Deportes, moitos gastos, xa falei a estrutura orzamentaria do Concello é unha herdanza do Partido Popular, é unha herdanza a estrutura orzamentaria o é, nós non podemos cambiar os orzamentos do día para a noite, non, porque isto require unha continuación na xestión, no sostemento dos servizos, na contratación laboral, e todos os gastos de gasto corrente veñen determinados dunha xestión realizada ó longo de 28 anos da que somos herdeiros, repito, e nós intentaremos modificar nos vindeiros anos, pero en todo caso, en deportes estase facendo un traballo excepcional, entre outras cousas hai que ver como están as Escolas deportivas, unha cuestión sobre deportes señora Consuelo, que tamén ten moito que ver con vostede, deporte que promociona o deporte base, e deixa de promocionar o deporte de élite profesional, deporte que se basea sobre todo nas Escolas deportivas, e non nos clubs que se pasean por aí dicindo que levan o nome de Barbadás, e mantemos a subvención é certo pero tamén recortamos moitísimos gastos que nos debería explicar a todos os que estamos aquí presentes e a todos os veciños do Concello de como se pagaba a ese club deportivo pola porta de atrás deste Concello moitos, moitos gastos, que agora por certo van a deixar de pagarse, moitos, iso tería que explicalo vostede. Subvencións en concorrencia competitiva, repito, moléstalles que as asociacións veciñais sexan quen de xestión os seus propios recursos, sexan quen de elaborar os seus programas, de establecer as súas prioridades de desenvolver as súas actividades e de definir cales son as cousas que queren levar a cada unha das parroquias, vostedes preferían contratar a dedo persoas aíns ó Partido Popular, pagarlles baixo factura e facer o que vostedes querían que fixera, clientelismo, clientelismo popular, si, nós deixamos a xestión directa nas asociacións veciñais, porque son maiores de idade para xestionar elas mesmas as súas actividades, son maiores de idade, o que



facemos é poñer os recursos públicos en igualdade de condicións para todas elas, como?, subvencións en concorrencia competitiva, por certo, léanse vostedes a lei de subvencións do Estado Español e da Xunta de Galicia, porque é unha obriga legal, porque a lei di, as subvencións téñense que dar xenericamente en concorrencia competitiva, e despois establece con carácter de excepcionalidade pódense dar subvencións nominativas, poñamos por caso por programas específicos que non puideran facerse dende outro ámbito ou por pór un caso unha subvención nominativa a Cruz Vermella, por exemplo, non?, porque non tería aceso a unha en concorrencia competitiva, e nós apostamos porque as asociacións veciñais se fagan donos dos seus recursos. Transporte público, bonobuses, é certo, aumentouse moito o gasto en bonobuses, derivado de que o prezo do autobús aumentou 25 céntimos, e sobre todo de que agora se venden bonobuses tres tardes á semana, vostedes abrían a venda de bonobuses os martes dúas horas, e pola semana, de dez a doce, é dicir, unha persoa que traballase, un mozo ou unha moza que fose ó instituto non tiña de tempo de ir a comprar os bonobuses, pois agora nós resulta que se venden ó longo de todas as mañás e véndese tres tardes, iso implicou que se vendan moitísimos máis bonobuses, que por certo están soportando esa carga financeira, é certo, recoñezollo. Fala vostede da falta de negociación herdada, pois da falta de negociación, pois mire dígolle unha cousa, o billete de autobús subiu 25 céntimos, e os bonobuses subiron en 10 céntimos, iso foi produto da negociación coa empresa concesionaria que non tiña por que facelo, que a empresa concesionaria e vostede sábeo ben, e o señor Freire o sabe moi ben, porque tivo sentenzas onde se recoñece que a empresa concesionaria e de aqueles lodos veñen estes pos, verdade?, e resulta que non temos capacidade de actuación, resulta que a Consellería de Infraestruturas a través da Dirección xeral de mobilidade, lle permite ás empresas concesionarias do Concello de Barbadás permítelle cobrar ata un 1 euro 40 céntimos por billete, 1,40 que negociacións duras deste grupo de goberno, do señor Alcalde e do Concelleiro de Facenda cas empresas concesionarias conseguimos reducir a 1,25€ para as persoas, e a 1,10 € para os bonobuses, esas son as negociacións que nós facemos. Mire que quere que lle diga, para nós a súa actitude dende logo, é unha actitude, eu non sei, como cualificala, creo que é un recurso para intentar xustificar a súa falta de goberno nos últimos 8 anos, culpabilizarnos a nós das carencias que ten este Concello. Cando di que non temos instituto, cando di que non temos piscina, cando di que non temos gardería, explíquelle vostede señora Consuelo Vispo a todos os veciños e veciñas de Barbadás onde están os terreos no Plan xeral de ordenación municipal de Barbadás aprobado polo Partido Popular, onde están os terreos para a piscina, dígalle vostede ós veciños e ás veciñas onde están os terreos para o instituto, dígalle vostede ós veciños onde están os terreos, ou



onde está a dotación pública para unha gardería ou para un centro de día, explíquello porque ó mellor é que nós non damos visto onde están, porque nós preguntamos en urbanismo moitas veces e lle estamos dando a cabeza voltas para ver a forma de facer ese instituto para liberar terreo en algún sitio, para facer o instituto, para facer unhas piscinas, e en urbanismo nos din que non hai terreos non plan xeral que haberá que facer modificacións puntutais do plan xeral para poder facer esas obras, esa é a realidade que temos nós no noso Concello, que temos un Concello absolutamente estragado polo urbanismo, e pola corrupción urbanística e polo crecemento absolutamente irracional da construción, iso si para os construtores e para a xente privada non para servizos públicos, e iso tamén é responsabilidade súa. Eu en definitiva estes orzamentos supoñen un antes e un despois no Concello de Barbadás, estes son uns orzamentos históricos para o noso Concello, este ano é a primeira vez que se fan uns orzamentos pensados na xente, nas veciñas e nos veciños, e non no cemento e na especulación, estes son uns orzamentos que desterran o clientelismo e o caciquismo de Barbadás, os orzamentos que respectan a tramitación para a execución do gasto e as esixencias financeiras postas ós concellos dende a administración xeral, máis tamén son uns orzamentos para axudar ás persoas que máis o precisan, para a promoción e o fomento do emprego, para as familias con menos recursos para a loita para a desigualdade, para loitar contra o feminicidio de maneira activa, defensa e independencia na participación veciñal, para a loita contra o lume dende a prevención, e non só dende a extinción, para situar en Barbadás no mapa político e non no mapa da corrupción, para a promoción do deporte base no canto de competitivo e excluínste, para o fomento e normalización da nosa lingua, esa que vostede fai tan pouco uso dela, da nosa cultura e do noso patrimonio, para a promoción da cultura e do ensino como eixes vertebradores da conciencia social. Os servizos que estamos obrigados a prestar neste Concello, dende logo vámoslos a seguir prestando, como son seguridade protección da cidadanía, mantemento e mellora da infraestruturas e servizos públicos e melloras asistenciais, a pesar de seguir contando nos concellos galegos cun reparto dos fondos estatais moi inxusto que vai en contra da financiación sobre todo dos concellos deste País, dos concellos galegos, porque non recollen criterios como son a dispersión, ou o avellentamento da poboación. Seguramente estes orzamentos teñan moitas eivas, e non seremos quen de cubrir todas as necesidades da veciñanza, máis fixemos un esforzo e un exercicio de responsabilidade para que dende a colaboración e a negociación e o entendemento poidamos facer sobre todo un Concello máis xusto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Fírvida. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Polas alusións antes da compañeira Chelo Vispo, dicirlle que nós non



elaboramos este presuposto, nós fixemos propostas durante os 6 meses que levamos aquí no Pleno e vimos que a actitude receptiva do grupo de goberno. Non estamos de acordo en moitas actuacións que van incluídas no presuposto, moitas saíron aquí á palestra pero como xa dixen aquí antes na nosa intervención, vamos a facer unha oposición para controlar a xestión do presuposto, pero non estamos en disposición porque non é lexítimo impoñer nós o 100% do presuposto, a representación nosa é 1 de 17. Nós o que temos que facer é un exercicio de responsabilidade, como fixemos cando foi como nomeou vostede antes, cando foi o debate sobre o catastro se de aquelas non houbéramos actuado con responsabilidade, lle houbéramos deixado ós veciños con 600.000 € menos, se agora non actuamos con responsabilidade, vostedes están de acordo que non se aprobe o presuposto, que sigamos co presuposto do ano pasado, entón que son 600, menos 700, porque se de aquelas do catastro aprobamos aquilo perdemos 600.000 € de ingresos para o ano que ven, non?, pregunto, e agora senón se aproba este presuposto, que pasa?, queda o do ano pasado, o do ano pasado canta cantidade é?, entón nós estamos actuando con responsabilidade, non estamos aquí axudando a ninguén a gobernar, senón actuando con responsabilidade e poñendo propostas enriba da mesa e facendo o que os veciños queren que fagamos, oposición, pero oposición construtiva.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Mire señor Padrón, vostede antes cando veu aquí empezou a ler e xa os aprobou sen dicir os puntos onde non estaba de acordo, e vaime permitir que sexa a primeira vez que lle diga á cara que non está facendo ben o seu traballo, porque o seu traballo sabe o que é, estudalos, é dicir, vale eu apoio ó goberno, pero neste punto non me gusta, este punto non me gusta, este punto non me gusta, vostede o que único que fixo foi ler un discursiño que me pareceu o da investidura, e así llo digo, ou sexa non estou, por primeira vez non estou nada de acordo ca súa actitude, porque fala de responsabilidade, que responsabilidade se o primeiro que di é estamos de acordo, que responsabilidade, a vostede gústalle todo o que está aquí, non ve nada que estea mal, pois filliño, vamos eu invitaríao a que se sentara ó lado deles. Respecto ó señor Tenente Alcalde, vostede se colle os presupostos, eu nomeei a partida dos cans por orden, porque empecei por Protección Civil, non porque me importen máis os cans que as persoas, a min impórtanme todas aquelas cousas que non teñen defensa propia, que temos que defendelos nós, os cans non teñen nin voz nin voto, nin os gatos, pero tamén me importa a xente necesitada do Concello, así que vostede non me diga que como xa empezou pola partida dos animais, xa vexo como, que non me importa nada, pois non está moi equivocado, impórtame máis o mellor do que vostede pensa, porque se vostede se ten fixado na miña



actitude nos últimos Plenos, eu aprobo tanto dun lado como doutro cando eu vexo que é en beneficio dos veciños, así que a min porque estea na bancada deste lado non me trate igual, porque aquí cada un somos persoas independentes, aínda dentro do mesmo partido, e voulle dicir unha cousa cando eu fixen as miñas preguntas, eu penso que o ideal era que me falara cada concelleiro das cousas que eu lle vou falando, non só vostede, porque se só me fala vostede, sabe o que penso que o fixo vostede só, que os demais non saben explicarse, si o que a min humildemente me da a entender, que estes presupostos fixoos vostede, vostede é o que dirixe, vostede é o que manda, e non é así, porque eu vexo as súas tres concellerías, ou os tres concelleiros que son, porque tedes máis concellerías ca tres, vexo que están moi ben defendidas, o cal me alegro, pero e as outras, o Bloque son de primeira e o PSOE de segunda, espábilése un pouco señor Alcalde, porque aquí os do PP estallo dicindo en anteriores Plenos, eu nunca llo dixen, é a primeira vez que llo digo porque o vexo, véxoo, e non llo digo coma un ataque a vostede, que non me estou rindo de vostede, aínda que vostede está sorrindo, estoulle dicindo que todos os concelleiros deberían de defender as súas concellerías con uñas e dentes e non unhas como este Tenente Alcalde é unha persoa que ten moi boa oratoria, iso teño que felicitalo, sabe defenderse moi ben ca lingua, ca lingua galega, tamén lle vou dicir unha cousa, eu tanto falo o galego, coma o portugués, coma o castelán, vostede ten que deixar a liberdade a calquera concelleiro, que fale o que lle día a gana, por exemplo, a señora Consuelo Vispo pode falar castelán, non, pero é que aquí parece que senón falas galego coma que non, antes vostede recalca esa tontería e a min paréceme unha tontería, vaíamos ó grano e vaíamos a traballar, a min impórta-me todos, e grazas polas explicacións das cousas que non entendía, deumas ben. Grazas.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver señor Padrón, cada un é libre, cada partido é libre de facer o que queira e vostede ten o voto de todas esas persoas, la voz, perdón, de todas esas persoas que lles votaron. Dígame vostede, fóra porque aquí eu creo que non serve de nada que vostede e eu falemos, eu creo que a oposición tiña que ver, somos, estamos, os cidadáns puxéronnos aquí, aínda que está do lado da gobernabilidade ó Bloque e ó PSOE, nós agora na oposición temos que ser os ollos dese cidadáns e non o estamos sendo, nós si, vostede dígame onde lle recolleron todo o que vostede pediu nese pacto ata o 2015, xa o dos soldos non está, vámolos deixar porque vostede xa me di que si a todo, así que máis da, pero voulle dicir unha cousa vostede co remanente esperemos que lle fagan todo o que vostede pediu porque de momento non ten nada, o que vostede trouxo nestas mocións non o ten, moitas promesas lle están dando e nin a primeira lle cumpriron. Segundo, vostede pediu unha serie, que apuntei, cando fixo vostede ese discurso, que estou de acordo co dona Fina



Varelas que é de investidura, nada máis, segundo, pediulle un segundo tractor, estou de acordo con vostede, todo o que vostede está pedindo e pódolle enumerar todo o que dixo aquí, incluso estou de acordo con vostede e coa cultura, aínda que eles pensen que por falar en castelán non estou de acordo coa cultura, si que estou de acordo, e nesas tradicións, pero hai outras prioridades que eles dixeron por activa e pasiva nestes anos anteriores e non están reflectidas nos presupostos e vostede deulles a aprobación, pero é normal que vostede lle de a aprobación destes presupostos, xa o sabíamos, mire estivemos reunidos 5 horas o partido, o Partido Popular o venres pola tarde e ás 11 da noite cando nos levantamos da mesa e dáme igual que os cidadáns o saiban porque saben que traballamos, estivemos 5 horas facendo este discurso porque queremos que a xente o vexa, e xa sabíamos que vostede o aprobara, porque o sabíamos despois de falar con vostede aí fóra eu, así de claro. Entón, vamos a ver, estamos traballando para traer propostas o Partido Popular é traer mocións para tirar cara adiante o único que fixen hoxe é que os cidadáns lean as actas anteriores dos Plenos dos orzamentos, soamente lles pido iso ós cidadáns para que vexan a demagogia, que pasa que agora tanto PSOE como BNG está sentado ó revés, é dicir, están gobernando, gobernando porque vostede lle deu a gobernabilidade, os cidadáns non lla deron, pero para iso estamos nós para dicirlles o que están facendo, e eles mesmos agora están do revés, señor Fírvida si, leva economía e facenda, aprendeu a lección, dixéronlle para que serve o remanente, por que non se pode utilizar o remanente, tanto que nos deu na cara de por que non o utilizábamos de por que, agora téñeno aí gardado porque non o poden utilizar, e se cumpre a regra de gasto si o van a poder facer, agora sabe por que tiñamos un presuposto de 400, de 4 millóns de euros, por que non aumentaba, por que non se podía, porque durante 8 anos traballamos, e incluímonos as persoas que estamos aquí do Partido Popular sen cartos, e traballamos e levantamos, facer levantar este Concello no que había, en servizos, e eramos un referente e sígoo dicindo e onde sexa, o que fixeron agora é que o BNG está impondo as súas políticas a este goberno, e o que temos que ver todos e o que temos que facerlle ver ós cidadáns que antes dun técnico de normativa lingüística, o que lles dicía as políticas sociais do BNG, vamos a ver todo o de tradicións está perfecto, recuperar o museo da música está perfecto, vostede señor Fírvida dicía que non lle gustaba as Deputacións, e pediulle axuda á Deputación Provincial, para que manteña o que son os gastos do edificio, para iso está a Deputación, xa lle vai a gustar un pouquiño máis a partir de agora. Vamos a ver, agora vou, Fina grazas por defenderme neste momento coa lingua pero hoxe estou falando castelán, xa vedes que no último Pleno falei en galego, vou falar en galego, vou falar en castelán, incluso vou a falar en portugués se queres, non hai ningún problema, vou a falar no que a persoa nese



momento desexa e queira porque para iso somos libres en todo, non como outros nos queren facer entrar polo aro das políticas, non vamos a entrar dende logo o Partido Popular. Necesidades do IBI, si señor Fírvida si, vamos a ver respóndolle ós dous, tiñamos 600.000 € que perdía o Concello se aprobábase esa moción, estou de acordo en que agora 700.000 € beneficiábase a todos os veciños do Concello, pero a súa labor era que a parte a esas persoas que non poden pagar ese IBI pois vostedes fagan un tipo de axudas, paréceme perfecto, pero beneficiábase a todos os veciños do Concello e si había cartos. Mire, os ingresos vaillo dicir vostede e mo vai demostrar vostede a final deste ano 2016 cando quede máis remanente de tesourería, porque os ingresos deste Concello, non o ía dicir, pero agora si que o vou dicir, están mal feitos, porque vai haber máis ingresos neste Concello, a través do IBI, das revisións catastrais e de todas as revisións que se van facer anteriores da xente destas revisións catastrais, non sei se están entendendo o que quero dicir, agora vai haber un aumento na contribución, todo iso non o reflectiron, eses ingresos van a estar aí, o das taxas de obras paréceme perfecto que vostedes saben e nós non sabemos, pero que o IBI vai ter máis ingresos, e que vai a haber máis remanente de tesourería e que o van demostrar, por iso 600.000 € estabamos pedindo para os veciños el Partido Popular es coherente porque sabiamos que eses ingresos os ía haber, e estabamos beneficiando pero non se preocupen que os veciños si que están cabreados con vostedes, e sobre todo as asociacións. Vamos a ver o que dicía vostede antes das subvencións nominais, non é coherente que unhas si e outras non, eu estou de acordo con vostedes en que sexan concorrentes pero as bases pónenas vostedes, vanas ter que traer a Pleno, eu non dixen que o Alcalde, vamos a ver na Comisión Informativa o outro día creo que informou a señora Interventora que ata 12.000 € o Alcalde as pode aprobar, entón, imaxínese unha asociación de veciños ata agora, vostedes dicían que as dábamos a dedo, aquí está dicindo vostede que actuaron mal os técnicos do Concello, porque aquí se facía memoria e se xustificaban todas as que se daban e non me diga aquí coa cabeza porque llo demostrabaixo, ou sexa vamos a ver, aquí soamente funcionan os técnicos dende que vostedes chegan, todos os técnicos que facían as cousas anteriormente nada todo o faciamos ó revés, vamos a ver agora están deste lado, están vendo o que hai, aprenderon, toda a demagogia que tiveron durante todos estes anos, agora a están poñendo en practica vostedes aí, e ven o que anteriormente non podía facer o Partido Popular durante 8 anos, hai que ser humildes e recoñecer, o que está dicindo o meu compañeiro, e acabo de coller a súa palabra, humildes en recoñecer o que fixo o Partido Popular durante 8 anos, non vou falar para atrás, porque non podo falar de algo que non vin, nin oín, e a verdade e que estou un pouco enfadada, porque realmente igual que vostede cando eu falei enfadouse comigo. Vamos a ver



recoñezan que agora saben o que hai, saben como funciona este Concello, saben o que fixemos, saben que levantamos un polideportivo, que estou de acordo co señor Concelleiro de deportes e teña moito coidado do que está dicindo de que faciamos pagos por detrás. Vamos a ver, creo que se refire a que o equipo de terceira daba uns carnés, e nós a cambio diso, porque os carnés custan diñeiro, os nenos das escolas entran gratuitamente a ver os partidos cando se lles cobra, creo que si vai é por iso, porque é o único que podo dicirlle, vale había un cambio aí, pois se lle daba ó mellor, non sei exactamente se eran os bocadillos ou outra cousa agora mesmo non o sei, porque iso levábano os técnicos que para iso están, pero aquí que se malversara ou pagásemos algo por detrás demóstreo no xulgado, e non é así e vostede sábeo, que pasa que vostede está agora mesmo pois sacando cousas da manga para poder xustificarse, sexa, sexa un pouquiño, tanto vostede, porque creo que teñen as cadeiras cambiadas, eu creo que vostede debería estar onde está o señor Valcárcel, e o señor Valcárcel onde está vostede, e díggollo de corazón, e díxenllo moitas veces fóra de aquí deste Pleno, o Bloque nos quere levar a súa política, sabe cantos votos teñen vostedes, e é unha vergonza que o PSOE consinta, poden dicirme o que queiran, eu creo que hoxe todo o que dixemos, podo seguir con todo o que me dixo vostede antes do emprego, vostede cree que 17.000 € para comercio é diñeiro, xa lles dixen hai outras maneiras para traer a este Concello emprego. Hai unha asociación que moitos comercios se adheriron AGAECA, que están intentando axudar, estamos ata de acordo e a veces con ese tema non estamos, pero vamos a apoiar ó comercio, pero pódese apoiar doutra maneira, deixen de traernos, estamos no século XXI, deixen de facer as súas políticas, e vamos a tirar cara adiante para Barbadás.

O sr. Alcalde toma a palabra: Mire señora Chelo, vostede non entende de progresismo nin de políticas progresistas, ese é o problema que ten o Partido Popular, as políticas progresistas son algo que van na filosofía deste goberno, independentemente de que sexan propostas polo Partido Socialista ou polo Bloque Nacionalista Galego, esa é a diferenza que hai entre vostedes e nós, que entendemos a política como unha atención ó cidadán basicamente.

A sra. Vispo toma a palabra: Póñao en valor, porque non o ten posto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Está posto. Esa é diferenza as políticas progresistas están no noso ADN, dos dous grupos políticos, aí hai unha diferenza fundamental, entón vostede aí pensa que polo feito de haxa unhas áreas como pode ser cultura, ou pode ser servizos sociais, ou pode ser por poñer deporte, non é unha distribución de nada máis que dun beneficio cidadán e de políticas de progreso. Vostede falaba do aforro no catastro, no IBI, vostede fixo unha enumeración de onde podíamos sacar diñeiro que vostede facía referencia, creo lembrar que eran 600.000 € unha das causas que vostede



argumentaba era o aforro do bonobus pola implantación do transporte metropolitano, invítolle a que fale coa señora Conselleira e lle pregunte cando vai estar implantado ese transporte metropolitano que ela prometeu nunha reunión en agosto que ía estar implantado a primeiros de xaneiro, a primeiros de ano do 2016, estamos esperando, ese era o aforro que vamos a ter neste Concello, en relación ó tema do IBI vostede fai unha afirmación que é o que é en relación á Deputación, porque polo feito de pedir unha subvención, ou dúas, ou tres á Deputación, mentres non se cambie o sistema administrativo deste País é así temos que recorrer a ela, cando se demanda un mellor financiamento para os concellos galegos, estamos falando de que se faga un reparto equitativo que teña presente as características deste País, do noso País, e se desapareceran as Deputacións evidentemente ese diñeiro tería que ser administrado polos concellos e pola Xunta de Galicia cousa que non ocorre polo tanto temos que recorrer ás Deputacións. Nós somos coherentes na nosa filosofía de goberno e nas nosas políticas, pero o que non é posible é cambiar unha estrutura dun presuposto todo o que vostedes deixaron de facer durante 28 anos cambialo en 6 meses, é imposible, señora Chelo Vispo. En relación ás subvencións por concorrencia competitiva dicirlle que vostedes asignaban sistematicamente ou en moitos casos achegas a colectivos que non tiñan ningunha finalidade social, así de fácil, e non lle vamos a poñer nomes. Voulle a contestar á señora Fina Varelas, ela ten unha especial preocupación polos animais que me parece moi loable, paréceme perfecto, e voulle dicir que este goberno tamén a ten, por iso veu aquí, por iso trouxo aquí unha ordenanza sobre os animais que nunca houbo neste Concello, e dicirlle dentro do ámbito da protección civil o ano pasado había unha achega de 11.000 € na que estaban incluídos, sei que non é moito diñeiro é certo, na que estaban incluídas todas as axudas que eles realizaban en relación á protección de animais, este ano seguen mantendo os 11.000 € de achega pero desglósase de xeito que eles perciben, que protección civil percibe 3.000 € adicionais para combustible, co cal podemos dicir que probablemente vaia unha contía aproximada de 5.000 €, 5 ou 6.000 € ó que é a protección dos animais que se desglosan primeiro porque teñen 3.000 € neses 11.000 que van directamente a combustible que xa non van aí, teñen unha partida aparte, máis os 2 ou 3.000 € que gastaban da partida de 11.000 € para os animais domésticos, sumemos, 3.000 que van a combustible, máis 2.000 que debían ou 3.000 que gastaban van 6.000, eu creo que xa empeza a ser unha cantidade razoable, fronte a unha situación que antes, é así, tiñan 3.000 € que non estaban en combustible, hai unha partida nova de combustible, pois entón, e eles pagaban a axuda que destinaban ós animais da súa subvención, da súa achega, co cal quedan liberadas. E o señor Ramón Padrón dicirlle que acollemos as súas propostas con ánimo construtivo e con ánimo de levalas a cabo e así



será. Moitas grazas.

O sr. Padrón toma a palabra: Con respecto ó IBI vostedes tamén daquela dixeron que se aplicaba en San Cibrao que baixaron a baixada, claro non dixeron que en San Cibrao o tipo era do 0,6, baixaron o valor pero o tipo estaba no 0,6 e aquí estaba no 0,4, eu vin despois a información nos xornais que en San Cibrao o aprobaban, dicían vostedes que había que aprobalo aquí pero claro a ver, había que aprobalo pero a responsabilidade despois que tiñamos era perder eses ingresos, como agora eu sígome preguntando se vostedes realmente están interesados en que estes presupostos non salgan adiante e haxa 700 e pico mil euros para o ano, pregúntome porque esa é a información que teño eu, que senón se aproban hoxe, pasan ós do ano pasado, vostedes están interesados niso?, esa é a labor, nós non entendemos esa labor da oposición, nós entendemos a oposición non vir aquí a facer galería senón a traer propostas, e propostas reais señora Fina, vostede fala dos animais, fala de moitas cousas pero non trae ningunha proposta en real nin lla propón ó goberno para que a leven a cabo, nós trouxemos propostas, pero nós fixemos mocións en relación á páxina web, en diversas actuacións no rural do día a día dos veciños, no tema dos desbroces, a moción que lle aprobamos a Democracia, nós propuxémoslle ó goberno que comprasen un tractor e vamos a loitar durante todo o ano para que o goberno o faga, vámoslle dar este ano de confianza como nos merecemos todos na vida unha confianza, aínda que non esteamos de acordo ou ó mellor que o fagan mal, pois oia cando cheguemos agora ó final do ano que ven foi faremos o balance, teremos que velo, as disposicións son boas, nós fixemos as nosas propostas e son aceptadas, dixémoslle cal é a nosa postura en relación ó entroido e queremos que se faga así vamos a loitar porque sexa así, dixémoslle tamén que no tema da dependencia hai moita preocupación en xente, refírome que nós estamos facendo oposición práctica, eu podo, pordemos vir aquí e falar e perder dez, media hora falando e ó final non dicir nada, nós estamos facendo política práctica e queremos que o goberno faga estas cousas que nós lle dicimos, e non era un discurso de investidura dentro deste discurso estaba isto todo e estaba a nosa posición nese tema. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, sométese a votación a aprobación do orzamento, aprobación inicial do orzamento, votos a favor, abstencións, votos en contra. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, votos en contra do PP e abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo:

“Aprobación inicial do orzamento 2016”



5- SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DE OBRA EN PLANS PROVINCIAIS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Solicitude de inclusión de obra en Plans provinciais, ten a palabra a Concelleira de urbanismo e obras a señora Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Moitas grazas, bos días a todas e a todos. Pois ben a obra que propón este ano o goberno para que se leve a cabo cos 55.000 € dos plans provinciais, é a construción dun muro de contención no Fonsillón, un antigo camiño real que os veciños utilizaban pero que nos últimos anos foise esbarroncando co perigo coa seguridade que supón para a veciñanza, que algunhas persoas deixaron de usalas, de usar este camiño por este perigo trátase de recuperar un camiño real polo valor histórico que ten, e tamén trátase de ofrecer ós veciños unha vía de accesibilidade máis rápida ó núcleo de A Valenzá. Eliximos esta obra, xa o dixemos na Comisión Informativa adáptase á contía que inviste a Deputación en cada un dos 91 concellos da provincia que se benefician destes plans provinciais, e o que está claro é que nós somos máis partidarios de levar a cabo unha obra en concreto dentro das prioritarias que nos marca a veciñanza antes que dividir obras que facer pequenos parches, por iso facemos esta obra. E para o plan complementario que é o plan que a Deputación acomete no caso de que sobre remanente de tesourería doutros concellos a proposta é a pavimentación e ampliación do camiño do cruceiro en San Lourenzo de Piñor, aínda que vemos que ó Partido Popular as melloras e as propostas que fai o goberno non lle interesan.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Isto simplemente da lugar a debate. Señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: A obra esta para dicirlle á señora Chelo ía incluída no noso pacto de investidura co Partido Socialista, camiño da Lucinda. E recórdolle que tamén se cumpriron a rebaixa dos órganos de goberno, co aumento de todo tipo de concelleiros, e tamén as competencias co traslado das competencias máximas ó Pleno. Nada máis

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu fágolle a Victoria unha simple pregunta, isto é unha obra ó azar ou para vostedes para o goberno hai prioridades, porque eu penso que a máxima prioridade hoxe que ten, unha das máximas que ten o Concello é o tema da auga de Loiro, parécelle que o señor Alcalde gústalle visitar o noso pobo con promesas que cando hai diñeiro non se poden cumprir, dígame, contésteme, faga o favor. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: O voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Estou de acordo contigo Fina, vamos a ver, vostede na última reunión



en Loiro creo que les prometeu que a parte, aínda o volvemos a preguntar por si acaso nos equivocábase, creo que lle prometeu ós veciños que co Plan provincial da Deputación levaríalle ese diñeiro a Loiro para arranxar o saneamento, promesa incumprida. Segundo se a partir de abril ou maio que entendo que o remanente vaise poder utilizar se se cumpre a regra de gasto creo que ese muro agora mesmo, Victoria contestounos claramente o outro día que é unha decisión política e punto, a decisión política vámoslla levar a todos os pobos, porque hoxe se dentro de 4 ou 5 meses vaise poder facer ese muro entendemos que hoxe non é unha prioridade deste Concello senón que ben dixo a concelleira de obras é unha decisión política, entón a decisión política vanllo a explicar vostedes incluso ó señor Padrón agora cando no seu pacto pon recuperar o camiño da Chouciña en Parada que era o que levan no segundo por si acaso queda algún plan provincial dalgún concello libre, lévannlo para que vostede estea tranquilo. Se non me equivoco díxoo o outro día a señora Concelleira de obras e creo que estabamos todos dixo que se quedaba algún concello sen presentar o plan provincial de obras eses 55.000 € levaríase como segunda obra

O sr. Alcalde toma a palabra: Do Cruceiro, non da Chouciña, señora Vispo, iso ocorre cando non se está atentos.

A sra. Vispo toma a palabra: Pois pido desculpas. Segundo pero aquí poderíanlle cumprir algo do seu pacto e non llo cumpren, perdón, cando me equivoco recoñezoo, non teño ningún problema, pero con ese diñeiro lle poderían arranxar algo do que vostede tiña

O sr. Alcalde toma a palabra: Rematou señora Chelo Vispo?, pois prosiga, pero brevemente xa.

A sra. Vispo toma a palabra: Para o Partido Popular que quede claro que esta obra si, repetírono por activo e pasivo os veciños do Fonsillón e entendo que se debe facer, non é prioritario por iso nós nos vamos a abster, non é prioritario, e non vamos en contra dos veciños do Fonsillón, non vendan vostedes o que non é, nós si queremos que esa obra se faga pero non agora porque hai outras prioridades e llo prometeron vostedes ós veciños de Loiro, vamos a deixar ós veciños de Piñor tranquilos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Nada explicarlle a todos os Concelleiros e Concelleiras que a obra de Loiro evidentemente si que tiñamos previsto facela estaba previsto acometer unha primeira fase con cargo ós plans provinciais pero non se puido facer porque está valorada a mellora da rede de abastecemento non de saneamento señora Vispo, a Loiro en 211.000 € facer melloras na rede para que



non exista a mesma tubaxe de recepción e de subministro como o deixaron vostedes esa obra da que tanto alardean deixaron unha rede en precario, unha rede de urxencia que era a mesma tubaxe para entrar que para saír entón iso provoca que a auga estea turbia non chegue nas debidas condicións e nós tiñamos previsto darlle solución a iso, pero pásase de presuposto, farase con base ó remanente se é posible ou con base as axudas que veñan da Unión Europea, do Estado, ou da Xunta, ou da Deputación, hai teñen vostedes moito que dicir nalgunhas institucións e evidentemente non nos esquecemos de Loiro e dos nosos compromisos, e eliximos esta obra en base a un plan de prioridade, manda a cidadanía de Fonsillón neste caso que é a que tiña como obra prioritaria esta nós imos a apostar ó longo de toda a lexislatura polo equilibrio territorial, vostedes señores e señoras Concelleiros do Partido Popular deixáronos camiños en terra que imos pavimentar con base o remanente deixáronos parques a escasos centímetros de viarios sen vaiar, que imos a vaiar con base ó remanente, deixáronos barrios enteiros sen saneamento en pobos deixáronos persoas sen abastecemento de auga potable que tamén imos tratar de darlle solución a través do presuposto ou tamén do remanente, deixáronos beirarrúas sen construír en pleno centro de A Valenzá, deixáronos zonas sen iluminación porque vostede non deron orde de cambiar simples bombillas, e deixáronos parques sen area, e deixáronos todo iso e nós en base a un plan de prioridades moi clariño, vámolos a ir acometendo todas, ou ben en base ó remanente, en base, con cargo ós plans provinciais, ou con cargo a outras subvencións das que nos podamos beneficiar da Unión Europea como dixen antes, da Deputación, do Estado ou da Xunta de Galicia, evidentemente temos moi claro o noso plan de prioridades.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Victoria Morenza.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu quero deixar claro que en ningún momento dicimos que non se faga esta obra, simplemente que non é o momento oportuno de facela, iso quero que quede moi claro. Xa está ben de tantas promesas, e a ver se se cumpren porque eu dende logo, promesas, promesas, promesas, hai que contar co que hai, non empece señora Victoria a dicir de Europa de non sei onde de non se canto, porque vai pasar o seguinte ano, non vai facer nada, vai dicir, para o seguinte, vaia tomando responsabilidades no asunto, vaia facendo as cousiñas ben, e non porque ó mellor aí ten máis amigos que noutro lado, vaina facer antes, porque vostede dixo na Comisión Informativa que era cuestión de política e eu oíno, e eu non son do PP. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo.

A sra. Vispo toma a palabra: O oímos varios señora Victoria, decisión política, é decisión política e vostede díxoo, e vaino saber toda a cidadanía, loxicamente, e sigo dicindo o mesmo e vouno repetir, que



quede moi claro e que conste acta que o Partido Popular non está en contra desa obra, queremos que se faga pero hai outro diñeiro para empregar. Sabe o que significa camiño Real?, vale, e vostedes pensaron que esa obra pódese facer, pódese facer?, patrimonio está de acordo?, ollo, simplemente queda aí para que teñan claro que primeiro hai que miralo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Gobernar e tomar decisións políticas sempre, polo tanto é unha decisión política, e os veciños do Fonsillón teñen tanto dereito a ser atendidos coma os veciños de A Valenzá, de Piñor, de Sobrado, de Loiro, Bentraces ou de Barbadás, ou de Pontón, e de Santa Uxía tamén, e de As Lamas, polo tanto están na mesma posibilidade de ser atendidos. Votos a favor, votos en contra, abstencións. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e as abstencións do PP e de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Solicitud de inclusión de obra en Plans Provinciais”**

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 13:40 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

A SECRETARIA XERAL

O ALCALDE